Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación urbana da Estrada e os seus beneficios para os veciños

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 6043 (09/POC-000863)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e Rodríguez Arias, Marta

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para o inicio das obras de mellora da seguridade viaria da estrada PO-308, entre Portonovo e A Lanzada, e o seu cronograma de execución
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 6047 (09/POC-000864)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e 2 máis

Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para a construción da autovía A-76, Ourense-Ponferrada

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 6050 (09/POC-000865)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e 2 máis

Sobre o resultado do Plan viario da comarca do Morrazo

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 6052 (09/POC-000866)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e Guerra Fernández, Javier Jorge

Sobre a situación na que se atopa a redacción dos novos proxectos construtivos de desdoblamento do corredor do Morrazo

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 6063 (09/POC-000867)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da apertura e posta en funcionamento das novas instalacións da residencia da terceira idade do Carballiño, as actuacións levadas a cabo para a súa dotación do persoal necesario e a valoración da posibilidade da súa privatización

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 6067 (09/POC-000868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre os datos referidos á concesión e denegación das axudas do Programa para a promoción do emprego autónomo, convocadas mediante a orde do 30 de decembro de 2011, así como o orzamento destinado para ese fin

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 6082 (09/POC-000869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre os criterios da Radio Galega para a selección das persoas participantes nos seus programas de opinión, en particular nos programas *O Faladoiro* e *A Crónica*

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

- 6083 (09/POC-000870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas pola TVG para frear a caída da audiencia rexistrada no mes de marzo de 2013 e a súa valoración ao respecto

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

- 6093 (09/POC-000871)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego para mellorar o poder adquisitivo do sector marisqueiro e controlar a invasión do mercado galego por marisco foráneo, así como a realización dalgún estudo do seu impacto económico

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 6094 (09/POC-000872)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a convocatoria das eleccións nas confrarías galegas

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 6102 (09/POC-000873)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a valoración do Goberno galego da cota da xarda asignada pola Unión Europea ao Goberno español para o ano 2013, as medidas adoptadas para protexer o desprazamento da frota galega ata as augas do Cantábrico, así como a presentación dalgunha queixa diante do Goberno central en relación cos prexuízos ocasionados aos pescadores pola falta de concreción nas datas de apertura e peche da campaña

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 6160 (09/POC-000874)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a cobertura, no plan sectorial da rede viaria de Ourense e da súa área de influencia, das necesidades reais de comunicación da comarca, e as previsións do Goberno galego respecto da continuación coa súa tramitación

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 6176 (09/POC-000875)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación dos aforradores afectados pola comercialización das participacións preferentes e obrigas subordinadas, tras a aprobación do plan de reestruturación de Novagalicia Banco

Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2013

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1º

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación da comparecencia urxente en **Pleno do Excmo. Sr. conselleiro de Economía e Industria**, para dar conta das actuacións levadas a cabo polo seu departamento ante os problemas que atravesamos a empresa Pescanova.

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 15/04/2013 11:11:51

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/04/2013 11:12:04

María Carmen Gallego Calvar na data 15/04/2013 11:12:10

José Luís Méndez Romeu na data 15/04/2013 11:12:12

Pablo García García na data 15/04/2013 11:12:18

María Remedios Quintas Álvarez na data 15/04/2013 11:12:24

Juán Carlos González Santín na data 15/04/2013 11:12:33

María Soledad Soneira Tajés na data 15/04/2013 11:12:40

María Concepción Burgo López na data 15/04/2013 11:12:49

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 15/04/2013 11:12:55

Raúl Fernández Fernández na data 15/04/2013 11:13:15

Beatriz Sestayo Doce na data 15/04/2013 11:13:31

José Manuel Gallego Lomba na data 15/04/2013 11:13:39

María Carmen Acuña do Campo na data 15/04/2013 11:13:45

José Antonio Sánchez Bugallo na data 15/04/2013 11:14:06

José Ramón Val Alonso na data 15/04/2013 11:14:16



PSG
PSOE



Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/04/2013 11:14:22

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 15/04/2013 11:14:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación da comparecencia urxente en **Pleno da Excm. Sra. conselleira de Traballo e Benestar**, para dar conta das actuacións levadas a cabo polo seu departamento ante os problemas que atravesamos a empresa Pescanova.

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 15/04/2013 11:09:17

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/04/2013 11:09:27

María Carmen Gallego Calvar na data 15/04/2013 11:09:34

José Luís Méndez Romeu na data 15/04/2013 11:09:36

Pablo García García na data 15/04/2013 11:09:49

María Remedios Quintas Álvarez na data 15/04/2013 11:09:56

Juán Carlos González Santín na data 15/04/2013 11:10:06

María Soledad Soneira Tajés na data 15/04/2013 11:10:18

María Concepción Burgo López na data 15/04/2013 11:10:27

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 15/04/2013 11:10:34

Raúl Fernández Fernández na data 15/04/2013 11:10:45

Beatriz Sestayo Doce na data 15/04/2013 11:10:54

José Manuel Gallego Lomba na data 15/04/2013 11:11:02

María Carmen Acuña do Campo na data 15/04/2013 11:11:08

José Antonio Sánchez Bugallo na data 15/04/2013 11:11:15



 [Grupo Parlamentario](#)

José Ramón Val Alonso na data 15/04/2013 11:11:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/04/2013 11:11:28

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 15/04/2013 11:11:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación da comparecencia urxente en **Pleno da Excma. Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar**, para dar conta das actuacións levadas a cabo polo seu departamento ante os problemas que atravesamos a empresa Pescanova.

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 15/04/2013 11:05:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/04/2013 11:05:47

María Carmen Gallego Calvar na data 15/04/2013 11:05:54

José Luís Méndez Romeu na data 15/04/2013 11:06:00

Pablo García García na data 15/04/2013 11:06:10

María Remedios Quintas Álvarez na data 15/04/2013 11:07:07

Juán Carlos González Santín na data 15/04/2013 11:07:19

María Soledad Soneira Tajés na data 15/04/2013 11:07:36

María Concepción Burgo López na data 15/04/2013 11:07:45

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 15/04/2013 11:07:55

Raúl Fernández Fernández na data 15/04/2013 11:08:06

Beatriz Sestayo Doce na data 15/04/2013 11:08:18

José Manuel Gallego Lomba na data 15/04/2013 11:08:25

María Carmen Acuña do Campo na data 15/04/2013 11:08:38

José Antonio Sánchez Bugallo na data 15/04/2013 11:08:46



 [Grupo Parlamentario](#)

José Ramón Val Alonso na data 15/04/2013 11:08:55

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/04/2013 11:09:02

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 15/04/2013 11:09:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Os Grupos Parlamentares do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** e da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, a través dos seus portavoces, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, presentan a solicitude de **COMPARECENCIA en Pleno polo trámite de urxencia do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galiza**, para informar da actuación policial na conserveira Cuca.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2013

Asdo : Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Yolanda Díaz Pérez

Vice-Portavoz do G.P. da AGE

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 15/04/2013 17:35:34

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/04/2013 17:41:18

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e as deputadas que asinan pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación de **comparecencia en Pleno** do **Sr. conselleiro de Economía e Industria**, para que explique as razóns da baixa execución orzamentaria dos programas de impulso da actividade económica.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 15/04/2013 19:01:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/04/2013 19:01:31

María Carmen Gallego Calvar na data 15/04/2013 19:01:44

José Luís Méndez Romeu na data 15/04/2013 19:01:50

Pablo García García na data 15/04/2013 19:02:02

María Remedios Quintas Álvarez na data 15/04/2013 19:02:11

Juán Carlos González Santín na data 15/04/2013 19:02:26

María Soledad Soneira Tajés na data 15/04/2013 19:02:46

María Concepción Burgo López na data 15/04/2013 19:02:54

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 15/04/2013 19:03:08

Raúl Fernández Fernández na data 15/04/2013 19:03:21

Beatriz Sestayo Doce na data 15/04/2013 19:03:30

José Manuel Gallego Lomba na data 15/04/2013 19:03:47

María Carmen Acuña do Campo na data 15/04/2013 19:04:00

Grupo Parlamentario

José Antonio Sánchez Bugallo na data 15/04/2013 19:04:12

José Ramón Val Alonso na data 15/04/2013 19:04:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/04/2013 19:04:28

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 15/04/2013 19:04:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás previsións do Goberno galego en relación coa apertura da Residencia da Terceira Idade do Carballiño

No ano 2008 produciuse a licitación das obras para acometer melloras de adecuación no edificio que alberga a Residencia da Terceira Idade do Carballiño e e a construción dun novo para ampliar a capacidade e número de prazas de dita residencia.

A finalidade de ditas actuacións era a de crear 59 novas habitacións, das cales 24 para persoas asistidas, 20 para psioxeriatría, 11 para enfermos crónicos, e catro de enfermaría. Con estas actuacións producíase un aumento significativo do número de prazas que se ofertaban e comportaría a xeración de arredor de 80 novos postos de traballo para a atención ás novas necesidade do centro.

Estas obras están rematadas desde o ano 2010, logo dun investimento por parte da Administración galega de 6,5 millóns de euros na súa execución, a pesar do cal por parte da Xunta de Galiza non se ten realizado a súa apertura. Aínda que en varias ocasións se atribuíron amortizacións de postos de traballo noutros servizos dependentes da Consellaría de Traballo e Benestar a que isto obedecía á necesidade de dotar os novos postos que se xeraban neste centro, a día de hoxe nada se sabe aínda acerca da dotación de persoal para este centro.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que por de manifesto que nalgunha ocasión, cando por parte do Goberno galego se adoptou a decisión de privatizar outros centros de atención a persoas maiores, se publicou que podería existir a intención de privatizar tamén a xestión deste novo centro. Esta opción considerámola desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego totalmente inaceptábel.

Para alén disto, tanto o custo da obra, un investimento a día de hoxe absolutamente desaproveitado, mais tamén polo significado de servizo público destas características, nunha comarca como a do Carballiño tan necesitada de prazas para persoas maiores e sobre todo dependentes, da gran demanda existente que en moitos caso se están desviando a outros centros privados con prazas concertadas, para o Bloque Nacionalista Galego resulta unha irresponsabilidade e un dispendio seguir un día máis con este centro pechado.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Interpelación:

- 1.-Considera vostede que existe algunha razón que xustifique que máis de dous anos desde a finalización das obras continúe pechada a Residencia da Terceira Idade do Carballiño?
- 2.- Non cre que é unha situación pintoresca tendo en conta a gran necesidade e demanda de prazas que existe nesta comarca e no seu entorno?
- 3.- Non lle parece que é un dispendio manter pechadas unhas instalacións que lle custaron ao erario público máis de seis millóns de euros?
- 4.- Existe algunha previsión en relación coa apertura e posta en funcionamento deste centro?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 5.- De ser así, que prazos se baralla para que isto se verifica?
- 6.- Ten realizado algunha actuación para dotar do persoal necesario este centro?
- 7.- Valorouse por parte do Goberno galego nalgún momento a posibilidade da privatización deste centro?
- 8.- De ser así, en base a que criterios?
- 9.- Como cre que afecta esta situación á súa política de atención ás persoas maiores?

Santiago de Compostela, 4 de abril 2013

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

María do Carme Adán Villamarín

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 04/04/2013 19:11:49

María do Carme Adán Villamarín na data 04/04/2013 19:11:57



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á resolución do Programa para a promoción de emprego autónomo convocado mediante a orde do 30 de Decembro de 2011.

No ano 2012, a Consellería de Traballo e Benestar, convocou o Programa para a promoción do emprego autónomo mediante a orde do 30 de Decembro de 2011 (DOG nº 14 de 20 de Xaneiro de 2012).

O obxectivo da convocatoria era o de que Galiza acadara uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade de emprego, de benestar social e de cohesión territorial; para isto era preciso o promover políticas de desenvolvemento económico de cara a favorecer a capacidade colectiva e emprendedora da sociedade Galega, en especial aos mozos e mozas, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

As Bases do programa establecían que o procedemento de concesión das axudas “realizarase pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario, conforme ao previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

O programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nun porcentaxe do 80%.

Os tipos de axuda que se concedían eran:

- 1.- Para o establecemento como traballador/a autónomo/a
- 2.- Subvención ao financiamento
- 3.- Para asistencia técnica
- 4.- Para axuda excepcional
- 5.- Para a 1ª contratación indefinida

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado e da deputada asinantes, formulan a seguinte Interpelación:

- 1ª.- Cantas axudas ou subvencións, foron concedidas por cada tipo de axuda en cada provincia?
- 2ª.- Cal foi a cantidade (expresada en euros) das axudas concedidas, por cada tipo e en cada provincia?
- 3ª.- Cantas axudas foron denegadas, por cada tipo de axuda e en cada unha das provincias? Canto era o importe?
- 4ª.- Cales foron as razóns que levaron a denegar as axudas denegadas?
- 5ª.- Cantas axudas foron pagadas, por cada tipo e en cada provincia?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6ª.- Cantas axudas foron obxecto de expediente de reintegro das subvencións por cada provincia e por qué razón?

7ª.- Cantas axudas están pendentes de cobro, por cada provincia?

8ª.- Cal era a cantidade inicial global definitiva do orzamento para o programa a que nos estamos a referir?

9ª.- Caso de haber modificación da cantidade no orzamento para as axudas e subvencións, cal foi a razón; e cal foi a cantidade modificada.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 04/04/2013 19:33:42

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2013 19:33:53



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre a campaña da xarda.

A campaña da xarda deste ano foi recibida con grandes expectativas, dado os altos prezos que alcanzou o ano anterior. Por este motivo unha parte importante da nosa flota artesanal desprazouse até augas asturianas e cántabras para participar en dita pesquería.

A campaña tivo unha duración de 10 días, e os prezos foron máis baixos que os do ano anterior. Neste ano 2013, a UE concedeu un total de 25.000 toneladas para o Estado español, ao cal hai que descontarlle a sanción por sobrepesca imposta polo organismo comunitario de 9.000 toneladas.

Os topes establecidos para esta campaña foron: cerco, 6.000 kilogramos/día. Arrastre: 7.500 kilogramos/día, e para artes menores 400 kilos por tripulante/día. Isto supuso que ao arrastre correspondeulle 4.600 toneladas, ao cerco 5.400 toneladas e unhas 7.000 toneladas para artes menores.

No establecemento das datas de apertura e peche, houbo moitas improvisacións chegando ao punto de dar por finalizada a campaña e, unha vez que a flota galega iniciou o regreso, acordouse ampliar a campaña por un día máis.

Polo dito, formulamos a seguinte Interpelación:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 1.- Que valoración realiza o Goberno galego da cuota asignada ao Estado español por parte da UE para o ano 2013.?
- 2.-Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para protexer o desprazamento das embarcacións galegas até augas cántabras, e si tivo algunha iniciativa para que as tripulacións galegas puideran ser acollidas en condicións nos portos doutras comunidades?
- 3.-Ten constatado a Consellería de Medio Rural e do Mar do aumento do banco de xarda, a súa incidencia noutras pesquerías.? E consciente a propia administración que está a levantarlle actas de infracción a propia flota galega por capturas accidentáis de xarda?.
- 4.-Trasladoulle a Xunta de Galiza algunha queixa ao Goberno español pola falta de concreción nas datas de apertura e peche, e sufrir os pescadores galegos dita improvisación?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2013

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2013 13:18
Nº Rexistro: 6099
Data envío: 05/04/2013 13:18:14.066



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Rodas Chapela na data 05/04/2013 13:01:52



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia.

Nas últimas semanas someteuse a información pública a declaración de impacto ambiental do plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa area de influencia.

Trátase dunha proposta que ten motivado unha importante contestación social en relación con algunha das vías que se deseñan e non dan solución ás eivas existentes no seu ámbito territorial.

A xuízo do grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego trátase dun plan irreal cuxa execución se prevé cun investimento de 160 millóns de euros no horizonte do ano 2020. Propón actuacións a iniciar este mesmo ano por conta da Xunta de Galiza para as que non se comprometen as necesarias consignacións orzamentarias. Por outro lado prevé actuacións no ámbito de competencias doutras administracións, do Estado e Deputación, sen que se estableza ningún acordo previo con estas que puidesen garantir a súa execución. Parece pois, que estamos cara unha nova fuxida cara adiante que non deixa de ser un novo anuncio propagandístico sen ningún sustento orzamentario.

Isto constátase xa nas primeiras páxinas de memoria do plan onde entre outros obxectivos establécese que este plan se diseña para dar resposta á necesidade de comunicación viaria do parque empresarial do Val da Rabeda. Parece esquecer o



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Goberno galego, autor deste plan, que este parque non existe nin vai existir pola decisión do propio goberno de anular todas as actuacións previstas para a súa execución.

Non é menos pintoresco o obxectivo de enlazar os parques empresariais coa autovía A-76 que nin existe nin se lle espera.

Son só dous exemplos que ilustran claramente a falla de rigor e a irrealidade coa que foi elaborado e trasladado á cidadanía e aos axentes sociais. O que representa este plan é o único que parece facer ben este goberno: a propaganda.

Estas xa serían razóns dabondo para a retirada fulminante deste plan o cal non é óbice para que existan moitas outras.

Analizando as solucións e trazados concretos que propón para algúns dos problemas de seguridade viaria e mobilidade existentes, que por certo non figuran na documentación publicada pola Consellaría para que a cidadanía poida exercer acaídamamente o dereito de información pública, obsérvanse outras graves deficiencias.

Analicemos para comezar a proposta de enlace do polígono industrial de San Cibrao das Viñas coa A-52 por ser unha das actuacións que demandada desde hai moitos anos e que si obedece a unha necesidade obxectiva. Non cumpre co seu cometido de acurtar as distancias nin os tempos actuais. Faise a través dunha vía con grandes pendentes, superiores ao 7%, e con innumerábeis curvas, a pesar de estar orientada a soportar gran tránsito de vehículos pesados. O seu trazado ten un gran impacto sobre a poboación: rompe aldeas, afecta a numerosas vivendas, crea novos puntos negros no enlace coa N-525. Un despropósito.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Tampouco parece ter ningún sentido a vía para comunicar o parque empresarial do Pereiro de Aguiar co estrada de Trives, 536, que non ten ningunha xustificación no tránsito que soporta o trazado actual.

Crease nesta zona un gran cúmulo de vías de alta capacidade, que ademais de supor un elevado custe económico, non cumprir ningunha funcionalidade na mellora da mobilidade nin da seguridade viaria. Pola contra empeoran substancialmente a calidade de vida das veciñas e veciños da zona e provocan un enorme impacto territorial.

Estas son as razóns polas que o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Interpelación:

- 1.- Considera vostede que o plan sectorial de rede viaria de Ourense e a súa área de influencia responde ás necesidades reais de comunicación da comarca?
- 2.- Cre que as solucións adoptadas son as máis apropiadas para dar resposta á realidade existente?
- 3.- Existe algunha previsión a medio prazo de facer realidade o plan sectorial do Val da Rabeda ou a A-76 que xustifiquen a realización de investimentos para a súa conexión?
- 4.- Parécelle que o investimento previsto é necesario e coherente coa funcionalidade social das solucións propostas? Parécenlle compatíbeis cos recortes que desmantelan dereitos e benestar?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Valoráronse solucións máis acordes á situación financeira da Xunta e que aporten solucións máis racionais desde o punto de vista do seu impacto territorial e social?

6.- Á vista desta consideracións e da contestación social ten previsto continuar coa tramitación deste plan?

Santiago de Compostela, 8 de abri de 2013

Asdo.:Tereixa Paz Franco

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 08/04/2013 10:00:37

Ana Belén Pontón Mondelo na data 08/04/2013 10:00:46



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á contratación dos helicópteros para o servizo de defensa contra incendios forestais de Galiza.

No pasado mes de decembro convocouse o concurso para a contratación dos helicópteros para o servizo de defensa contra incendios forestais de Galiza para as campañas 2013 e 2014.

Este concurso resultou deserto en virtude da resolución do 28 de xaneiro de 2013 da Secretaría xeral técnica.

Posteriormente o 2 de abril de 2013 procedeuse á adxudicación a INAER Galicia S.L., logo dun procedemento negociado sen publicidade, dos dous lotes, un consistente na contratación de 4 helicópteros de tipo lixeiro e 5 brigadas por un total de 4.301.280 € e outro lote de 5 helicópteros de tipo medio e 4 brigadas por un importe total de 8.079.020,48 €.

Estas son as razóns polas que o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Interpelación:

- 1.- Que razóns motivaron a declaración de deserto en relación co proceso convocado en decembro de 2012?
- 2.- Cales son as razóns polas que se establecen estes lotes para acceder ao servizo?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Que deficiencias motivaron que só se puidese avaliar para a adxudicación a oferta realizada por INAER Galicia S.L.?

4.- Que criterios se utilizan para o establecemento das horas de voo que se someten a este contrato?

5.- Cal é a razón pola que nalgún caso esta empresa xa tiña situados os seus helicópteros nas bases da Xunta de Galiza antes de resolverse a súa adxudicación?

6.- Que razóns motivan a urxencia da contratación á vista do nivel de risco de incendio que existe na actualidade?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 08/04/2013 13:29:26



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á oferta educativa na rede de escolas infantís da Galiña Azul e concretamente na de Rairiz de Veiga.

O Grupo Parlamentar do BNG tivo coñecemento nas últimas semanas de que na oferta de prazas na rede da Galiña Azul da para o curso de 2013/2014 desaparece a Escola Infantil de Rairiz de Veiga, o cal podería ser a constatación da intención do Goberno Galego e do propio concello de pechar este centro de forma inminente.

A xuízo do grupo parlamentar do BNG este peche non está en absoluto xustificado tendo en conta que actualmente esta escola infantil ten cuberta a totalidade da súa matrícula e que as previsións para vindeiros cursos é de que a situación seguirá sendo positiva.

Dáse a circunstancia de que a Escola Infantil de Rairiz de Veiga ademais dos nenos e nenas deste concello acolle tamén alumnado de concellos limítrofes, incluíndo o de Xinzo de Limia, dado que a de Xinzo está absolutamente desbordada. Hai que recordar que mesmo para o presente curso houbo familias que non tiveron acceso a unha praza en Xinzo pola insuficiencia das prazas ofertadas nesta comarca.

Consideramos que no caso de adoptarse esta decisión terá como consecuencia inmediata a perda dun servizo público esencial na comarca da Limia que vai prexudicar a moitas familias que dependen deste servizo para poder conciliar a súa vida familiar e laboral.

Estas son as razóns polas que o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Interpelación:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 1.- Que modificacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza na súa oferta de prazas na súa rede de centros da Galiña Azul?
- 2.- Ten previsto pechar para o vindeiro curso a escola infantil de Rairiz de Veiga?
- 3.- De ser así, cales son as razóns polas que se adopta esta decisión?
- 4.- Ten realizado unha avaliación do impacto negativo que esta decisión comportaría para as necesidades neste ámbito da comarca da Limia?
- 5.- En caso contrario, porque non se incluíron prazas neste centro á hora de solicitar a escolarización para o vindeiro curso?
- 6.- Non considera que decisión deste tipo é incompatíbel coa súa pretendida política de dinamización demográfica?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco
María do Carme Adán Villamarín
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 08/04/2013 17:59:28



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 08/04/2013 17:59:37



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á política da Xunta de Galiza en relación cos centros de día e residencias e máis concretamente no referido ás previsións en Rairiz de Veiga.

Nas últimas semanas son numerosos os rumores en relación coa eventual privatización dalgún dos centros de día e centros residencias que até o de agora estaban xestionados polo Consorcio de Igualdade e Benestar.

Estas manifestación téñense producido con especial intensidade en relación co centro de día e centro residencial de Rairiz de Veiga chegando mesmo a producirse declaracións do alcalde manifestando que o concello é partidario desta privatización xa que non está en condicións de achegar a parte que lle corresponde para o seu mantemento.

Mesmo se ten producido, segundo información á que tivo acceso este grupo parlamentar, unha reunión durante a pasada semana neste centro de día, no que ao parecer se lle ía explicar aos e ás traballadoras as condicións en que se produciría dita privatización.

Esta posíbel decisión sería inadmisíbel para este grupo parlamentar pola perda dun servizo público cuxa privatización significaría a merma da súa calidade para lle permitir facer negocio a unha empresa privada.

Por outra banda hai que recordar que gran parte das persoas que prestan os seus servizos neste centro accederon ao seu posto de traballo a través dun concurso-



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oposición convocado no seu día, arredor de cinco anos polo Consorcio.

Estas son as razóns polas que o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Interpelación:

- 1.- Que previsións ten o seu departamento en relación coa eventual privatización dos centros de día e centros residenciais que actualmente xestiona o Consorcio?
- 2.- Cal vai ser o futuro do centro de día e residencial de Rairiz de Veiga?
- 3.- Está previsto que se vaia realizar a súa privatización?
- 4.- Coñece as declaracións do alcalde ao respecto e o contido da reunión que, ao parecer, se celebrou no propio centro en relación con esta cuestión?
- 5.- Que actuacións ten previsto arbitrar para respectar os dereitos dos e das traballadoras deste centro?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco
María do Carme Adán Villamarín
Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 08/04/2013 18:49:17

María do Carme Adán Villamarín na data 08/04/2013 18:49:27



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

O Boletín Oficial do Parlamento publicou o 2 de abril de 2013 o “Plan para a dinamización demográfica de Galiza” para a súa tramitación de urxencia. Un Plan que necesariamente debería ser transversal e contar cun claro compromiso orzamentario por parte do goberno que teña algún interese en poñelo na práctica.

Os plans demográficos teñen tres soportes básicos. Desenvolvemento económico e emprego, servizos públicos e prestacións e, por último, a igualdade real para as mulleres. A política de Feijóo nos últimos anos vai no sentido contrario, polo que o debate dun Plan de dinamización demográfica debe ser o Pleno do Parlamento e propiciado por un membro do Goberno con capacidade de decisión no Consello da Xunta.

Ante o desprezo que supuxo para os grupos da oposición a tramitación clandestina que propuxo o PP para este Plan, formúlase a seguinte Interpelación:

1. Por que o Plan de dinamización demográfica de Galiza non foi defendido por un Conselleiro ou Conselleira?
2. Por que a Conselleira Mato logo de anuncialo en reiteradas ocasións en sede parlamentaria non foi a membro encargada de defendelo?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que accións concretas do Plan se desenvolveran durante o 2013 e que orzamento mobilizarán?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 09/04/2013 11:41:07

María Tereixa Paz Franco na data 09/04/2013 11:41:15



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**.

O venres 5 de abril de 2013 o DOG publicaba a “Orde do 2 de abril de 2013 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2013”. Nesta ocasión o goberno galego aplica un serio recorte ao fondo total adicados a estas axudas, en concreto o recorte supón unha redución da cuarta parte dos fondos.

Estas axudas foron convocadas por primeira vez no ano 2006 baixo o nome de “salario da liberdade” e posteriormente foron recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que no seu artigo 39 dispón que a Xunta de Galiza establecerá, a través do departamento competente en materia de igualdade, unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, e tentar axudala a romper coa situación de violencia. Indica que se aboará periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero, e que será o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases de convocatoria e as contías das axudas, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O seu obxectivo é claro na lei, isto é, posibilitar a autonomía e independencia das mulleres respecto aos seus agresores, xa que, a dependencia económica respecto do agresor é unha das razóns que dificulta ás mulleres dar o primeiro paso para rachar coa situación de violencia. No momento en que todas as asociacións de mulleres alertan con diferentes informes que “a crise supón un freo para denunciar, polo temor a non encontrar emprego e verse sen recursos para saír adiante” sorprende que o goberno galego non analice as necesidades das mulleres que sofren violencia de xénero neste momento concreto. Incluso resulta incomprensíbel que o goberno xustifique o recorte aducindo, segundo recolle a prensa, que “o ano pasado houbo moitas solicitudes e esta vez non se agradan tantas”. Moitas mulleres levan varios meses agardando a que se convoque esta axuda e, non entendemos que base empírica ten o goberno para agardar menos solicitudes.

Asemade, para este grupo parlamentar, é un erro que as condicións para o acceso ás axudas teñan sido endurecidas desde a súa creación. Cos criterios anteriores unha muller que contará cuns ingresos de 800 euros ao mes podería collerse a unha axuda de 400 euros, agora esa mulleres non ten ningún tipo de axuda para poder refacer a súa vida e a dos seus fillos e fillas. Os criterios actuais recollen que, mensualmente, para quen contén con ingresos de até 532,51 euros, a axuda será de 600 a 800, e de 300 a 500 para aquelas con percepcións de entre 532,52 y 798,76.

Dado que a situación de crise económica ten un impacto importante tamén na violencia de xénero como xa alertou a ONU no 2010, o lóxico dun goberno responsábel é comprometido na loita coa violencia de xénero sería mellorar a cobertura social destas axudas e reforzalas neste momento.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte Interpelación:

1. Porque se reduce o goberno galego o crédito das axudas as mulleres vítima de violencia de xénero no ano 2013?
2. Que indicadores emprega o goberno galego para afirmar que existirá menos demanda de axuda no ano 2013?
3. Pensa a Secretaría xeral de Igualdade adaptar os recursos para a loita da violencia de xénero a este momento de forte crise económica?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 09/04/2013 13:40:47

María Tereixa Paz Franco na data 09/04/2013 13:40:55



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Interpelación**, relativa á resolución da Axencia Estatal de Administración Tributaria pola que se eliminan servizos en diferentes Administracións.

O pasado día 16 de febreiro do 2013 a Axencia Estatal de Administración Tributaria publicou a resolución pola que modifica a estrutura e a organización territorial vixente do citado organismo tributario

Esta resolución que ven motivada polo “actual escenario de austeridade orzamentaria” e fala da necesidade de procurar “maior eficacia e eficiencia posible, xunto coa optimización e racionalización dos recursos dispoñíbeis” como principios nos que ha de sustentarse o funcionamento da AEAT.

No que se refire a Galiza a maior parte das Administracións da Axencia Tributaria pasarán, segundo esta resolución que entrou en vigor o pasado día 25 de febreiro, prestarán basicamente servizos de información e de asistencia.

Hai que ter en conta que isto vai obrigar ás persoas que viven no seu ámbito territorial a realizar grandes desprazamentos para realizaren moitos trámites tributarios que antes realizaban nas Administracións das súas vilas. Así até agora as declaración do IRPF ou IVE na totalidade do seu expediente desde o seu inicio até o fin, incluídos recursos, aprazamentos de pago, etc., realizábanse nestas



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Administracións. Esta reforma poderanse iniciar os trámites nestas oficinas aínda que na maioría dos casos a súa revisión e tramitación final, así como os recursos haberá que realizalos na correspondente Delegación.

Mesmo a resolución deixa aberta a posibilidade de que poida haber variacións no cadro de persoal que presta os seus servizos nestas Administracións. A xuízo do grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estamos ante unha reforma que é o preludio do peche da Administración da AEAT en moitas vilas, desmantelando progresivamente un novo servizo público.

Consideramos que non existen razóns técnicas nin obxectivas para que se faga esta reforma, deixando as Administracións como meras oficinas de información e asistencia, vulnerando o dereito dos e das contribuíntes a ter acceso aos seus expedientes e a realizaren as tramitacións sen ter que se desprazar ás Delegacións.

Estamos ante un novo desmantelamento con especial incidencia nas vilas e comarcas do rural que, no ámbito tributario, hai que engadir á supresión das oficinas liquidadoras dos Rexistros da Propiedade, obrigando a continuos desprazamentos ás cidades.

Estas son as razóns polas que o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Interpelación:

1.- Como valora a Xunta de Galiza esta decisión da AEAT que priva dunha parte substancial dos servizos que viñan prestando as súas Administracións?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Ten realizado algunha actuación ante a administración tributaria do Estado para intentar solventar esta situación?

3.- Está prevista a adopción dalgunha medida para evitar os continuos desprazamentos dos e das contribuíntes ás Delegacións para realizar parte dos seus trámites e xestións coa administración tributaria?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 18:00:26



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

En 1984 comezou o desmantelamento do sector Naval galego, un sector industrial estratéxico para o desenvolvemento de Galiza. Hoxe a situación do sector é moito máis que preocupante. Os sindicatos calculan que desde o 2008 na comarca de Vigo se perderon 11.000 traballos directos do sector do naval e 27.000 indirectos. O Sr. Feijóo prometeu en precampaña electoral os famosos acordos con Pemex como táboa de salvación para o naval. En concreto o 19 de setembro de 2012 gabábase de conseguir un acordo entre a petroleira mexicana Pemex e os asteleiros Navantia e Barreras para a construción dun buque hotel cada un. Afirmou o Sr. Feijóo que eran un acordo en firme para reflotar a situación galega. Desde entón todo son información contraditorias a respecto da natureza destes contratos e da cronoloxía dos mesmos. O certo é que seis meses e 15 días despois non hai carga de traballo nos asteleiros galegos e seguimos agardando por PEMEX.

Ante tanta incerteza e a grave situación que vive o sector naval, formúlase a seguinte Interpelación:

1. En que consiste o acordo asinado con PEMEX no mes de setembro?
2. Cando comezaran os asteleiros a construír os floteis?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Cantos postos de traballo garante a construción dos floteis en Galiza?
4. Cantos postos de traballo se garanten en Vigo e a súa comarca?
5. Ten o goberno galego algún plan a maiores da propaganda para o sector naval de Galiza?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 09/04/2013 18:12:59

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 09/04/2013 18:13:08



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por medio da súa Vicevoceira **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa ao plan industrial para NAVANTIA.

Cómpre subliñar a importancia estratéxica que o sector naval ten para o futuro do emprego e da industria do noso país. O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA) afirma a importancia crucial de garantir o futuro desa empresa pública, da súa expansión e, xa que logo, temos que expresar o noso rexeitamento e desacougo polos perfís da única medida efectiva que parece que vai levar a cabo: un chamado plan de competitividade como coartada para minguar a potencia do estaleiro público.

O goberno do Estado continúa a provocar desacougo na plantilla de Navantia ou o que é o mesmo nunha comarca galega, Ferrolterra, pola vía de mentir primeiro e logo xogar á confusión. O malfadado anuncio do presidente da SEPI, o 21 de marzo, dun plan de competitividade que incluírá medidas de axuste salarial non se concretou logo da reunión do comité intercentros de Navantia, que se celebrou onte en Madrid. Semella que o goberno galego só quere asustar e finalmente destruír o porvir dunha industria estratéxica para Ferrolterra e Galicia.

Alternativa Galega da Esquerda denuncia a intencionalidade lesiva do PP que segue sen concretar os contidos do chamado plan de competitividade. Os custos salariais non son os responsables da situación de falla de carga de traballo de Navantia: os responsables son unha política do goberno do PP que quere afogar os estaleiros públicos, non achegar investimentos produtivos clave como o dique flotante ou a falla dun plan industrial que oriente estratéxicamente o devir da empresa pública.

As mentiras e os incumprimentos da SEPI co dique flotante, a terra ignota onde restan os contratos electorais dos floteis coa petroleira mexicana e o anuncio dun ulterior mazazo en forma de axuste salarial, de condicións laborais e quen sabe se tamén de emprego retratan a axenda do PP: destruír a riqueza social que Navantia, a súa plantilla, é quen de achegar á sociedade ferrolá e galega.

Todo elo desbotando a importancia e urxencia de elaborar un plan industrial que permita despregar as capacidades produtivas do estaleiro público radicado no noso país.

Polo antedito, o Grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte Interpelación:

- Que opinión lle merece ao goberno galego o anunciado plan de axuste sobre a plantilla de traballadores e traballadoras de Navantia?
- Como entende o goberno galego que logo da reunión co comité intercentros nada se avance dos contidos dese plan de axuste?
- Non considera necesario e urxente a elaboración dun plan industrial que potencie as recoñecidas capacidades produtivas do estaleiro público galego?
- Esqueceu o goberno galego as mil proclamas – electorais – nas que garantía a construción do dique flotante para xa?

Compostela, 10 de abril de 2013.

Asdo: Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 10/04/2013 10:55:07

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, José Luis Méndez Romeu, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Hai escasos días, o presidente da Xunta de Galicia aseguraba que o Goberno galego tiña recadado 91 millóns de euros polo canon eólico dende a súa posta en marcha en 2010.

Dicía o Sr. Núñez Feijóo que, con esa cantidade, actuou a Xunta en 230 concellos, desenrolando 260 proxectos; falaba incluso de “redistribución da riqueza”.

A maior abundancia, afirmaba que o canon está sendo útil, entre outros motivos, porque as inversións feitas permiten mellorar o medio ambiente. O problema está en que o presidente da Xunta de Galicia facía estas afirmacións sen ningún tipo de concreción en canto a esas melloras para o medio ambiente.

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- 1.- En cales dos 230 concellos actuou a Xunta de Galicia cos 91 millóns de euros recadados polo canon eólico dende a súa posta en marcha en 2010?
- 2.- En que 260 proxectos actuou a Xunta de Galicia cos 91 millóns de euros recadados polo canon eólico dende a súa posta en marcha en 2010?
- 3.- Cales foron as inversións feitas con eses 91 millóns de euros que permitiron, supostamente, mellorar o medio ambiente?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2013

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Luis Méndez Romeu
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo

 Grupo Parlamentario

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/04/2013 11:11:05

José Luís Méndez Romeu na data 10/04/2013 11:11:16

Raúl Fernández Fernández na data 10/04/2013 11:11:25

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/04/2013 11:11:31

Partido dos
Socialistas
de Galicia



A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DA ESQUERDA (EU-ANOVA)**, a iniciativa do seu deputado Ramón Vázquez Díaz e ao través da Vicevoceira Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación**, relativa aos avións militares non tripulados.

Ao longo destes anos numerosas fontes situaban a Galicia como o lugar escollido para establecer unha das cinco bases de Drons que a OTAN ten previsto instalar en Europa. Ditos feitos causaron unha fonda preocupación en amplos sectores da cidadanía Galega.

Nun primeiro momento todo parecía apuntar a que sería a zona de Trasmiras en Ourense a elixida para establecer a mencionada base de Drons por reunir os requisitos necesarios, mais axiña se empezou a falar de Lugo e o Aeródromo de Rozas en Outeiro de Rei como outra das opcións viables para o establecemento da base internacional de drons, eufemisticamente chamados avións non tripulados, á vez que quedaba evidenciada a paralización do proxecto de Trasmiras.

En Marzo de 2011 facíase público o establecemento dun programa de avións non tripulados no Aeródromo de Rozas para a investigación, desenvolvemento de proxectos e divulgación no campo da aeronáutica, a través dun convenio co Instituto Nacional de Técnica Aeronáutica (INTA) dependente do Ministerio de Defensa. Participaron na xestión de dito convenio O Goberno Central, A Deputación Provincial de Lugo, O Concello de Castro de Rei e O Real Aeroclube de Lugo. Dito convenio terá unha duración prorrogable de 10 anos.

Nesas datas confirmábase o inicio das probas por parte do Ministerio de Defensa para empregar o Aeródromo de Rozas como base de avións espía do programa da multinacional AEDS, unha das mais importantes en venda de armamento militar a nivel mundial.

No mes de xullo de 2012, producíase a visita do Xeneral de División Ignacio Azqueta e o Subdirector Xeral de Experimentación e certificación do INTA, Bartolomé Marqués ao

aeródromo de Rozas. Ambos recoñecían a realización de probas con avións non tripulados e o inicio de obras de adaptación no Aeródromo Lucense para estes fins. Marques e Azqueta declararon ademais, que Lugo podería ser unha das cinco bases de probas que os Estados Unidos tiña previsto instalar en Europa e poñer en marcha antes do 2015.

Os pasado mes de febreiro de 2013 levanta o voo en Rozas o “ATLANTE”, un avión non tripulado fabricado pola Empresa Cassidian, pertencente a multinacional EADS, o consorcio europeo líder mundial en venda de armamento.

O “ATLANTE” é definido polo propio fabricante como un UAS (Unmanned Aerial System) polivalente, o que fai deste modelo **“O primeiro avión non tripulado táctico capaz de realizar misións tanto civís como militares...”**

Trátase polo tanto dun avión non tripulado dos chamado “dron”, tristemente celebres por practicar masacres e asasinatos a civís e militares nos principais escenarios de guerra do planeta. Cada ano son milleiros as vítimas deste tipo de avións que actúan impunemente en países como Pakistan, Yemen, Irak, Somalia, Afganistan, Palestina...

Por estes e outros motivos as bases de drons son ademais destacados obxectivos militares e terroristas polo seu alto valor militar e estratéxico o que supón un risco mais que evidente para a cidadanía.

Tendo en conta estes feitos, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte interpelación:

- 1- De que información dispón o goberno galego sobre o convenio asinado entre o INTA o Concello de Castro de Rei, o Real Aeroclube de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo, dirixido a realización de probas con drons no territorio galego?
- 2- Que información posúe o goberno galego sobre as probas con drons que se están a realizar no aeródromo de Rozas.
- 3- Que coñecemento ten o goberno galego das xestións realizadas ou contactos mantidos con algunha empresa ou organismo para establecer unha base de avións non

tripulados no aeródromo de Rozas sostivo o goberno galego?

4- Que sabe o goberno galego das xestións ou contactos mantidos con algunha empresa ou organismo para establecer unha base de avións non tripulados da OTAN en Galicia.

5- Que iniciativas vai desenvolver o goberno galego para paralisar as probas con drons no aerodromo de Rozas e informar á cidadanía do contido das mesmas.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 10/04/2013 14:13:31

Ramón Vázquez Díaz na data 10/04/2013 14:13:35

Á MESA DO PARLAMENTO

Consuelo Martínez García, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Interpelación.

Traballadores da Cámara de Comercio de Pontevedra veñen denunciando dende hai tempo o incumprimento da normativa cameral na aplicación da disposición transitoria primeira do Real Decreto Lei 13/2010 de 3 de decembro de Actuacións no ámbito fiscal laboral e liberalizadoras para fomentar a inversión e a creación de emprego, así como, tamén denunciaron ante a propia Xunta e autoridades xudiciais as irregularidades que se fixeron cos cartos recaudados dos empresarios/as e empresas de forma obrigatoria vía recurso cameral permanente e subvencións e axudas das administracións públicas, entre elas da propia Xunta e do Fondo Social Europeo.

Ademais, tamén teñen denunciado en diversas ocasións sobre o incumprimento da normativa en materia de contratación de servizos das empresas que se dedican a organizar eventos feirais e servizos.

Por iniciativa da Dirección Xeral da Consellería de Industria, no segundo trimestre do ano 2011 creouse unha Comisión para o estudo do futuro das Cámaras de Comercio de Galiza. Dita Comisión estaba composta por 3 representantes dos vogais camerais, 2 representantes da Consellería de Industria e 3 representantes dos Secretarios e Directores Xerais das Cámaras. Desta comisión, resultaron **imputados polos tribunais de xustiza** catro dos seus membros: 2 representantes da Consellería e 2 representantes dos Secretarios e Directores. Disolveuse antes de realizar ningún estudo do que extraer algunha conclusión para o futuro desas organizacións.

A Asociación de Empregados das Cámaras Galegas reuniuse en dúas ocasións no ano 2011 coa anterior Directora Xeral, trasladándolle á mesma as inquietudes que para eles

se estaban a producir nas cámaras pola situación xerada polo novo marco legal e todas as anomalías e incumprimentos legais que se estaban a producir, incidindo na situación anómala de algunhas cámaras, entre elas a da Cámara de Comercio de Pontevedra.

Os/as empregados/as da Cámara de Comercio de Pontevedra están a ser despedidos, mentres a Consellería segue sen saber nin contestar ás denuncias feitas polos mesmos. E mentres tanto, as Cámaras galegas seguen a ser gobernadas por persoas que carecen da condición de electoras e que se encontran nunha loita de poder interno, en detrimento do tecido empresarial de Galiza e do apoio aos emprendedores.

O 19 de decembro de 2012, os empregados da Cámara de Pontevedra diríxense, mediante escrito, á Consellería de Industria denunciando as irregularidades descritas e solicitando que se inicien as accións pertinentes para evitar que continúe a xestión irregular dos fondos públicos, incluída a súa utilización como fondo para despedimentos e que se proceda á destitución das persoas que non estean lexitimadas para xestionar os bens e dereitos desa cámara.

Ante a inacción da Consellería, os traballadores da Cámara de Comercio de Pontevedra, con data 28 de decembro de 2012, presentaron denuncia ante o Xulgado de Garda de Pontevedra por posible delito de fraude, tráfico de influencias, usurpación de funcións públicas e falsidade documental contra a Secretaria da Cámara e 8 membros do Comité Executivo da mesma.

Con data 2 de xaneiro de 2013 os traballadores da Cámara de Comercio, que foron despedidos e denunciaron as irregularidades, foron citados polo Ministerio Fiscal e como resultado das súas declaracións o fiscal querelouse contra a Secretaria Xeral e membros do Comité Executivo. Polo que nos Xulgados de Pontevedra estase a instruír outra causa por un delito contra a administración de xustiza.

O 30 de xaneiro os empregados da Cámara de Pontevedra diríxense, mediante escrito, ao Conselleiro e ao Secretario Xeral Técnico da Consellería de Industria solicitando información sobre a tramitación da denuncia presentada o pasado día 19 de decembro de 2012.

Con data 12 de febreiro de 2013, os traballadores remiten escrito á Consellería para poñer no seu coñecemento que nese mesmo día a Fiscalía dirixiuse á Cámara para que xustifique os motivos da redución do cadro de persoal.

Con data 19 de febreiro de 2013, un empregado da Cámara de Pontevedra diríxese ao Consello de Contas de Galiza para informar sobre posibles irregularidades na conta 5700000.

Con data 22 de febreiro de 2013, os traballadores volven a solicitar mediante escrito dirixido ao Conselleiro, Secretario Xeral Técnico e Directora Xeral de Comercio da Consellería de Industria, información sobre o estado da denuncia presentada o 19 de decembro de 2012. O que se volveu a reiterar en reiteradas ocasións despois desa data.

Con data 6 de marzo de 2013, o Consello de Contas remite informe dirixido á Directora Xeral de Comercio, á Interventora Xeral e outros, que entre outros aspectos recolle:

- O informe de fiscalización da Cámara de Pontevedra relativo aos anos 2010 e 2011 está en fase de elaboración.
- A preservación dos intereses do erario público aconsella trasladar o escrito de denuncia á Intervención Xeral da Consellería de Facenda.
- Dado que os feitos denunciados son susceptibles de propiciar un prexuízo patrimonial para a facenda pública, resulta razoable que pola Administración tutelante se adopten as medidas necesarias para dilucidar as responsabilidades especificadas no art. 48 da Lei 5/2004.

Por todos os feitos descritos, Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Interpelación ao Goberno da Xunta de Galicia:

- 1.- En qué estado se atopa a denuncia presentada polos traballadores da Cámara de Comercio de Pontevedra ante a Consellería de Economía e Industria?
- 2.- Cal foi a conclusión da investigación sobre a utilización dos fondos FEDER pola Cámara de Pontevedra?
- 3.- Por que, conforme o principio de seguridade xurídica, segundo o cal o censo electoral ten que conter a inscrición de quen reúnen os requisitos para ser elector con unha data certa, dende a Consellería, en cumprimento das súas obrigas en materia de Tutela da Legalidade non se esixiu ás Cámaras de Comercio de Galiza que actualizasen os seus censos electorais conforme esixe a disposición transitoria primeira do Real Decreto-Lei 13/2010, de 3 de decembro, de Actuacións no ámbito fiscal laboral e liberalizadoras para fomentar a inversión e a creación de emprego?
- 4.- Por que a Consellería, se os membros das cámaras non actualizaron os censos electorais conforme o esixe a reforma da lei, os segue aceptando como interlocutores lexitimados a pesares de que estes non cumpriran coa súa obriga de actualizar anualmente os censos das cámaras e darse de alta (disposición transitoria primeira do Real Decreto-Lei 13/2010 e artigo 8 da Lei Básica de Cámaras 3/1993 de 22 de Marzo)?
- 5.- Por que a Consellería segue aceptando como interlocutores válidos a empresarios que non están dados de alta na Cámara e incluso algún está imputado? Algunha destas persoas ven percibindo subvencións da Xunta e mantén relacións políticas co PP?
- 6.- Por que si os empresarios que viñan a ocupar as vogalías nas cámaras de acordo coa normativa anterior á reforma operada polo Real Decreto-Lei 13/2010, non se axustaron ós novos requisitos que dito Real Decreto impuxo, darse de alta antes do 1 de xaneiro de 2011 e actualizaron o censo, non foron cesados nos seus postos e creáronse as correspondentes Comisións Xestoras como indica o artigo 61 da Lei Galega de Cámaras?

7.- Con data 19 de outubro de 2011, a Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas aprobou a recomendación nº 6 nos seguintes termos: “O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas para que realice un informe de fiscalización específico sobre as cámaras de comercio galegas e a súa viabilidade logo da supresión da cota cameral obrigatoria”. Cal foron as conclusións de dito informe?

Compostela, 6 de abril de 2013

Asdo. Consuelo Martínez García
Deputada do G. P. da Alternativa Galega de Esquerda

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 10/04/2013 17:31:58



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputad@s do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, referente á non transmisión e a manipulación informativa, da comparecencia do Presidente da Xunta no Parlamento Galego para dar conta da súa relación con Marcial Dorado.

O Parlamento Galego debería ser o centro da vida política en Galiza e en consecuencia a RTVG tería que reservar un espazo privilexiado na grella para dar conta do que acontece na institución onde reside a soberanía do pobo galego. Máis o que acontece sistematicamente é xusto o contrario, que se lle dá un tratamento residual e totalmente subsidiario da acción do Goberno da Xunta.

No día de onte, mércores 10 de abril, produciuse a comparecencia de Alberto Núñez Feijoo como presidente da Xunta no Parlamento Galego. Comparecencia solicitada polas organizacións políticas da oposición para que dera conta da súa relación co narcotraficante Marcial Dorado. Relación dada a coñecer a partir da publicación dunhas fotografías por parte dun medio de comunicación na que aparecen o Presidente da Xunta e o narcotraficante.

Esta comparecencia, como era de esperar, espertou unha grande expectación tanto no conxunto da sociedade galega como nos medios de comunicación, que fixeron unha moi ampla cobertura da comparecencia.

Unha comparecencia destas características, que espertou tanto interese informativo debería ter sido obxecto dun tratamento e un seguimento acorde por parte dos medios de titularidade pública. O normal tería sido que a comparecencia se transmitira na súa integridade por algunha das dúas canles da TVG.

Unha vez máis a dirección da TVG furtoulle á sociedade galega unha información de máxima relevancia. Furtoulle o dereito a ver de primeira man, sen filtros, sen



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

interpretacións unha comparecencia de máxima expectación e relevancia.

Parece evidente que o cumprimento dos principios da CRTVG como medios públicos, terían que ter dado como consecuencia a emisión da comparecencia e telo feito con obxectividade e imparcialidade, respectando o pluralismo político e con clara separación entre información e opinión.

Nada máis lonxe da realidade, unha mínima análise da información transmitida pola TVG nos seus Telexornais I e II do día de onte 10 de abril, no referente á comparecencia de Núñez Feijoo, volveu a ser unha mostra clara de manipulación informativa, e de uso do medio público ao servizo do Partido Popular e da Xunta de Galiza.

Unha liña informativa totalmente coincidente coa liña do PP, con unha desproporción máis que evidente entre os tempos que se lle adxudican aos líderes das diferentes organizacións políticas e os que se lle adxudican a Feijoo.

Presenza dos líderes políticos no TX-1 do 10/03/2013: Feijoo 5 minutos, Pedro Puy 44segundos, Manuel Vázquez 40 segundos, Xosé Manuel Beiras 22 segundos, Francisco Jorquera 20 segundos.

Presenza dos líderes políticos no TX-2 do 10/03/2013: Feijoo 5 minutos 10 segundos, Pedro Puy 35 segundos, Manuel Vázquez 40 segundos, Xosé Manuel Beiras 39 segundos, Francisco Jorquera 20 segundos .

Entre os dous informativos do día 10 de abril TX-1 e TX-2 adícaselle 10 minutos e 10 segundos a Núñez Feijoo e 1 minuto 19 segundos ao portavoz do PP. Frente a esta minutaxe 3 minutos para o conxunto da oposición.

Os cortes emitidos da oposición sempre van acompañados de entradas cos argumentos de Feijoo, entrada da noticia é comentada pol@s xornalistas destacando o punto de vista do PP.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do BNG, a través da deputada e do deputado asinantes, formula a seguinte Interpelación:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

1. Por que non se transmitiu pola TVG ou TVG2 a comparecencia de Feijoo, a petición da oposición, sobre a súa relación con Marcial Dorado?
2. Cales foron os criterios que se aplicaron para establecer os tempos que tiveron cada un dos líderes políticos nesta comparecencia?
3. Parécelle que foron equilibrados os tempos de que dispuxo cada líder?
4. Respectouse a proporción en función da representación parlamentaria ?
5. Quen ou quenes foron os responsábeis últimos destes dous informativos?
6. Cree que esta liña informativa respecta a pluralidade política existente en Galiza?
7. Cree que nestes dous informativos quedou perfectamente definida a separación entre a informacións e a opinión?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2013

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2013 11:02:32

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 11/04/2013 11:02:41



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado e portavoz **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN á Xunta de Galiza e o seu Presidente**, relativa ás necesarias explicacións do Presidente do Goberno Galego en relación con manifestacións e insinuacións realizadas durante as súas intervencións na comparecencia para dar explicacións das súas relacións con Marcial Dorado.

No transcurso da comparecencia do Sr. Núñez Feijóo do pasado día 10 de abril de 2013 para aclarar os termos da súa relación co narcotraficante Marcial Dorado, fixo manifestacións, algunhas explícitas e outras máis ou menos veladas, que malia a súa gravidade non foron adecuadamente aclaradas.

Nalgúns casos, os feitos ou actuacións ás que se referían as súas palabras mesmo poderían referirse a cuestións susceptibles de analizar desde unha perspectiva penal polo que requiren todo tipo de datos, explicacións e aclaracións por parte do seu autor.

Así manifestou en varias ocasión que a existencia das fotografías nas que aparecía en compañía dun narcotraficante foi utilizada para “amedrentalo” e que se considera vítima dunha “chantaxe para non dicir o que pensa”. Aínda que nalgún momento pareceu atribuírle esta actuación aos grupos da oposición, en ningún momento aclarou convenientemente tan graves acusacións. Nun sistema democrático ningunha persoa, e menos o Presidente dun Goberno, pode facer



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

imputacións desta índole sen aclarar quen fai a chantaxe ou que hai detrás da chantaxe. E sobre todo e inaceptábel, de seren certos estes feitos, que non fosen postos en coñecemento da Fiscalía ou da autoridade xudicial.

Por outro lado, a xuízo deste grupo parlamentar non quedaron debidamente aclarados determinados aspectos relativos á relación do Sr. Núñez Feijóo e Marcial Dorado, fundamentalmente no que atinxe ás súas viaxes e encontros en común.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, formula a seguinte INTERPELACIÓN AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALIZA:

- 1.- Quen chantaxea, chantaxeou ou tentou chantaxear ao Sr. Núñez Feijóo?
- 2.- Con que intentaron “amedrentalo”?
- 3.- Que hai detrás dese intento de amedrento ou chantaxe?
- 4.- Que opinións ou actuacións do Sr. Núñez Feijóo se tentaron coaccionar con estes feitos?
- 5.- Puxo nalgún momento en coñecemento da Fiscalía ou da autoridade xudicial este intento de extorsión para a súa aclaración e punición?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Cantas viaxes realizou en compañía do Sr. Marcial Dorado ao longo de todo o tempo que durou a súa relación?

7.- En que datas se produciron estas viaxes?

8.- Lugares de destino destas viaxes?

9.- Quen pagou os gastos de cada unha delas?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2013

Asdo.: Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 11/04/2013 13:14:47



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A caprichosa decisión do Goberno do PP que preside Núñez Feijoo de invalidar o concurso eólico aprobado durante o goberno bipartito e impulsar un novo concurso botou ao traste un investimento de 1.400 millóns de euros, máis de 8.000 postos de traballo, e unha participación pública que reportaría 30 millóns de euros ao ano a Galiza. Tratouse dunha decisión arbitraria, tal e como a propia xustiza puxo de manifesto, avalando a legalidade do concurso e ditaminando a ilegalidade do proceder do Goberno de Feijoo para anulalo.

O resultado do novo concurso foi un rotundo fracaso, pois coa chegada do PP ao Goberno do Estado producíronse continuas invasións ás competencias galegas na materia. Na actualidade podemos estar nunha situación na que non se teña producido ningunha autorización do concurso do PP, o que supón unha auténtica paralización do sector.

Ante esta situación, formúlanse a seguinte Interpelación:

1. Cantas autorizacións concedeu o goberno galego no marco do último concurso eólico?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que pensa facer o goberno galego para que o sector eólico galego non fiquen completamente paralizado?

3. Ten algún Plan de futuro o goberno galego no referido ao sector eólico?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 11/04/2013 13:44:18

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 11/04/2013 13:44:26

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Cando ten previsto a Xunta de Galicia aprobar definitivamente o PXOU da Estrada?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:07:42

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso e Marta Rodríguez Arias, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Cando ten previsto a Xunta de Galicia iniciar as obras de mellora de seguridade viaria da PO-308?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:08:33

Marta Rodríguez Arias na data 04/04/2013 18:08:41

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso, Moisés Blanco Paradelo e Miguel A. Santalices Vieira, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Que xestións ten levado a cabo a Xunta de Galicia para a construción da Autovía A-76?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:12:25

Moisés Blanco Paradelo na data 04/04/2013 18:12:32

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 04/04/2013 18:12:43

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso e Cristina Romero Fernández, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Pleno.**

Cando ten previsto a Xunta de Galicia licitar a concesión de peaxe na sombra da Autovía AG-53 Alto de Santo Domingo-Ourense?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:13:07

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/04/2013 18:13:14

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso, Berta Pérez Hernández e Javier Guerra Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Cal é o resultado do Plan Viario da Comarca do Morrazo?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:21:14

Berta Pérez Hernández na data 04/04/2013 18:21:21

Javier Jorge Guerra Fernández na data 04/04/2013 18:21:29

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso e Javier Guerra Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

En que situación se atopa a redacción dos novos proxectos construtivos de desdobramento do Corredor do Morrazo?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:22:37

Javier Jorge Guerra Fernández na data 04/04/2013 18:22:46



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á resolución do Programa para a promoción de emprego autónomo convocado mediante a orde do 30 de Decembro de 2011.

No ano 2012, a Consellería de Traballo e Benestar, convocou o Programa para a promoción do emprego autónomo mediante a orde do 30 de Decembro de 2011 (DOG nº 14 de 20 de Xaneiro de 2012).

O obxectivo da convocatoria era o de que Galiza acadara uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade de emprego, de benestar social e de cohesión territorial; para isto era preciso o promover políticas de desenvolvemento económico de cara a favorecer a capacidade colectiva e emprendedora da sociedade Galega, en especial aos mozos e mozas, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

As Bases do programa establecían que o procedemento de concesión das axudas “realizárase pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario, conforme ao previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.

O programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nun porcentaxe do 80%.

Os tipos de axuda que se concedían eran:

1.- Para o establecemento como traballador/a autónomo/a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Subvención ao financiamento.

3.- Para asistencia técnica

4.- Para axuda excepcional

5.- Para a 1ª contratación indefinida

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado e da deputada asinantes, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Que valoración fai o seu Goberno dos resultados en termos de creación de emprego obtidos coa concesión destas subvencións?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 04/04/2013 19:24:31



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2013 19:24:39



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**, sobre a campaña da xarda.

A campaña da xarda deste ano foi recibida con grandes expectativas, dado os altos prezos que alcanzou o ano anterior. Por este motivo unha parte importante da nosa flota artesanal desprazouse até augas asturianas e cántabras para participar en dita pesquería.

A campaña tivo unha duración de 10 días, e os prezos foron máis baixos que os do ano anterior. Neste ano 2013, a UE concedeu un total de 25.000 toneladas para o Estado español, ao cal hai que descontarlle a sanción por sobrepesca imposta polo organismo comunitario de 9.000 toneladas.

Os topes establecidos para esta campaña foron: cerco, 6.000 kilogramos/día. Arrastre: 7.500 kilogramos/día, e para artes menores 400 kilos por tripulante/día. Isto supuso que ao arrastre correspondeulle 4.600 toneladas, ao cerco 5.400 toneladas e unhas 7.000 toneladas para artes menores.

No establecemento das datas de apertura e peche, houbo moitas improvisacións chegando ao punto de dar por finalizada a campaña e, unha vez que a flota galega iniciou o regreso, acordouse ampliar a campaña por un día máis.

Polo dito, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que valoración realiza o Goberno galego da cuota asignada ao Estado español por parte da UE. para o ano 2013.?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2013

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 05/04/2013 12:20:37



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral ante o Pleno**, relativa ao plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia.

Nas últimas semanas someteuse a información pública a declaración de impacto ambiental do plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia.

Trátase dunha proposta que ten motivado unha importante contestación social en relación con algunha das vías que se deseñan e non dan solución ás eivas existentes no seu ámbito territorial.

A xuízo do grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego trátase dun plan irreal cuxa execución se prevé cun investimento de 160 millóns de euros no horizonte do ano 2020. Propón actuacións a iniciar este mesmo ano por conta da Xunta de Galiza para as que non se comprometen as necesarias consignacións orzamentarias. Por outro lado prevé actuacións no ámbito de competencias doutras administracións, do Estado e Deputación, sen que se estableza ningún acordo previo con estas que puidesen garantir a súa execución. Parece pois, que estamos cara unha nova fuxida cara adiante que non deixa de ser un novo anuncio propagandístico sen ningún sustento orzamentario.

Isto constátase xa nas primeiras páxinas de memoria do plan onde entre outros obxectivos establécese que este plan se diseña para dar resposta á necesidade de comunicación viaria do parque empresarial do Val da Rabeda. Parece esquecer o Goberno galego, autor deste plan, que este parque non existe nin vai existir pola decisión do propio goberno de anular todas as actuacións previstas para a súa execución.

Non é menos pintoresco o obxectivo de enlazar os parques empresariais coa autovía A-



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

76 que nin existe nin se lle espera.

Son só dous exemplos que ilustran claramente a falla de rigor e a irrealidade coa que foi elaborado e trasladado á cidadanía e aos axentes sociais. O que representa este plan é o único que parece facer ben este goberno: a propaganda.

Estas xa serían razóns dabondo para a retirada fulminante deste plan o cal non é óbice para que existan moitas outras.

Analizando as solucións e trazados concretos que propón para algúns dos problemas de seguridade viaria e mobilidade existentes, que por certo non figuran na documentación publicada pola Consellaría para que a cidadanía poida exercer acaídamamente o dereito de información pública, obsérvanse outras graves deficiencias.

Analicemos para comezar a proposta de enlace do polígono industrial de San Cibrao das Viñas coa A-52 por ser unha das actuacións que demandada desde hai moitos anos e que si obedece a unha necesidade obxectiva. Non cumpre co seu cometido de acurtar as distancias nin os tempos actuais. Faise a través dunha vía con grandes pendentes, superiores ao 7%, e con innumerábeis curvas, a pesar de estar orientada a soportar gran tránsito de vehículos pesados. O seu trazado ten un gran impacto sobre a poboación: rompe aldeas, afecta a numerosas vivendas, crea novos puntos negros no enlace coa N-525. Un despropósito.

Tampouco parece ter ningún sentido a vía para comunicar o parque empresarial do Pereiro de Aguiar co estrada de Trives, 536, que non ten ningunha xustificación no tránsito que soporta o trazado actual.

Crease nesta zona un gran cúmulo de vías de alta capacidade, que ademais de supor un elevado custe económico, non cumprir ningunha funcionalidade na mellora da mobilidade nin da seguridade viaria. Pola contra empeoran substancialmente a calidade de vida das veciñas e veciños da zona e provocan un enorme impacto territorial.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Considera vostede que o plan sectorial de rede viaria de Ourense e a súa área de influencia responde ás necesidades reais de comunicación da comarca?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 08/04/2013 09:51:30

Ana Belén Pontón Mondelo na data 08/04/2013 09:51:47



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado e portavoz **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa ás manifestacións feitas polo Presidente da Deputación de Pontevedra, D. Rafael Louzán.

O Presidente da Deputación Provincial, D. Rafael Louzán, manifestou nunha entrevista que o Portavoz da Plataforma de afectados polas Preferentes de O Rosal “é un provocador nato e con mirar os seus antecedentes é suficiente”. Nesa entrevista aludiu de xeito pexorativo á súa condición de “sindicalista liberado da organización nacionalista CIG” para engadir que “non está ahí para que lle poidan devolver o diñeiro aos tenedores de preferentes. Sí para desgastar aos dirixentes do PP”.

Estas declaracións do Sr. Louzán rebelan a súa total ausencia de cultura democrática, evocando épocas nas que se que se "criminalizaba" o sindicalismo e constitúen unha intolerable falla de respecto ás dúcias de miles de pequenos aforradores estafados polas participacións preferentes e aos seus portavoces,.

Polo dito, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

Está de acordo o Goberno Galego coas manifestacións feitas polo Sr. Louzán?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 08/04/2013 11:33:12



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á contratación dos helicópteros para o servizo de defensa contra incendios forestais de Galiza.

No pasado mes de decembro convocouse o concurso para a contratación dos helicópteros para o servizo de defensa contra incendios forestais de Galiza para as campañas 2013 e 2014.

Este concurso resultou deserto en virtude da resolución do 28 de xaneiro de 2013 da Secretaría xeral técnica.

Posteriormente o 2 de abril de 2013 procedeuse á adxudicación a INAER Galicia S.L., logo dun procedemento negociado sen publicidade, dos dous lotes, un consistente na contratación de 4 helicópteros de tipo lixeiro e 5 brigadas por un total de 4.301.280 € e outro lote de 5 helicópteros de tipo medio e 4 brigadas por un importe total de 8.079.020,48 €.

Estas son as razóns polas que o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Que razóns motivan o procedemento de urxencia para a contratación dos helicópteros á vista do nivel de risco de incendio que existe na actualidade?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 08/04/2013 13:25:05



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, membros do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a **seguinte Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa aos recortes nas axudas á mulleres vítimas da violencia de xénero.

Unha vez máis a Xunta de Galicia amosa a súa insensibilidade para coas políticas públicas de Igualdade e segue coas tesoiras dos recortes a pechar as angostas fiestras coas que contan as mulleres vítimas da violencia de xénero.

O goberno do PP publica unha orde de axudas no DOG do 5 de abril onde volve a reducir o monto das axudas para 2013-14 e o deixa en 1.808.850 euros, dos cales só 688.850 euros serán para este ano 2013. Respeito ás axudas para 2012 se provoca unha nova caída (daquela ascenderan 2.396.650 euros).

Cando as retalladas afectan a cuestións onde nos xogamos a vida e morte, ou a saída dunha muller dunha situación límite, o goberno do PP retrátase na súa condición de goberno que maltrata no político e orzamentario ás mulleres.

Maltrato congruente con esa rancia ideoloxía machista que subxace en case todas as actuacións do actual goberno galego.

Contía que é valorada como claramente insuficiente polas entidades que traballan neste eido. Contía que expresa, e de que xeito, a pouca importancia que ten para o PP a loita contra a violencia machista.

Xa que logo, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA) formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**:

- Considera xusto recortar todavía máis nun eido tan sensible, tan de vida ou morte, como o das axudas ás mulleres vítimas da violencia machista?

Compostela, 8 de abril de 2013.

Asdo: Yolanda Díaz Pérez



Asdo: Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 08/04/2013 15:02:45

Eva Solla Fernández na data 08/04/2013 15:02:49



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e María do Carme Adán Villamarín, deputadas **do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral en Pleno**, relativa á oferta educativa na rede de escolas infantís da Galiña Azul e concretamente na de Rairiz de Veiga.

O Grupo Parlamentar do BNG tivo coñecemento nas últimas semanas de que na oferta de prazas na rede da Galiña Azul da para o curso de 2013/2014 desaparece a Escola Infantil de Rairiz de Veiga, o cal podería ser a constatación da intención do Goberno Galego e do propio concello de pechar este centro de forma inminente.

A xuízo do grupo parlamentar do BNG este peche non está en absoluto xustificado tendo en conta que actualmente esta escola infantil ten cuberta a totalidade da súa matrícula e que as previsións para vindeiros cursos é de que a situación seguirá sendo positiva.

Dáse a circunstancia de que a Escola Infantil de Rairiz de Veiga ademais dos nenos e nenas deste concello acolle tamén alumnado de concellos limítrofes, incluíndo o de Xinzo de Limia, dado que a de Xinzo está absolutamente desbordada. Hai que recordar que mesmo para o presente curso houbo familias que non tiveron acceso a unha praza en Xinzo pola insuficiencia das prazas ofertadas nesta comarca.

Consideramos que no caso de adoptarse esta decisión terá como consecuencia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inmediata a perda dun servizo público esencial na comarca da Limia que vai prexudicar a moitas familias que dependen deste servizo para poder conciliar a súa vida familiar e laboral.

Estas son as razóns polas que o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Non considera que decisión deste tipo é incompatíbel coa súa pretendida política de dinamización demográfica prexudicando ás familias desta comarca ao impedirilles a conciliación da súas vida persoal, laboral e familiar?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco
María do Carme Adán Villamarín
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 08/04/2013 17:45:22

María do Carme Adán Villamarín na data 08/04/2013 17:45:35



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e María do Carme Adán Villamarín, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á política da Xunta de Galiza en relación cos centros de día e residencias e máis concretamente no referido ás previsións en Rairiz de Veiga.

Nas últimas semanas son numerosos os rumores en relación coa eventual privatización dalgún dos centros de día e centros residencias que até o de agora estaban xestionados polo Consorcio de Igualdade e Benestar.

Estas manifestación téñense producido con especial intensidade en relación co centro de día e centro residencial de Rairiz de Veiga chegando mesmo a producirse declaracións do alcalde manifestando que o concello é partidario desta privatización xa que non está en condicións de achegar a parte que lle corresponde para o seu mantemento.

Mesmo se ten producido, segundo información á que tivo acceso este grupo parlamentar, unha reunión durante a pasada semana neste centro de día, no que ao parecer se lle ía explicar aos e ás traballadoras as condicións en que se produciría dita privatización.

Esta posíbel decisión sería inadmisíbel para este grupo parlamentar pola perda dun servizo público cuxa privatización significaría a merma da súa calidade para



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ile permitir facer negocio a unha empresa privada.

Por outra banda hai que recordar que gran parte das persoas que prestan os seus servizos neste centro accederon ao seu posto de traballo a través dun concurso-oposición convocado no seu día, arredor de cinco anos polo Consorcio.

Estas son as razóns polas que o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Como valora as declaracións do alcalde de Rairiz de Veiga en relación coa privatización do centro de día residencial?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco
María do Carme Adán Villamarín
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 08/04/2013 18:19:35



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 08/04/2013 18:19:43



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez** integrante do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa aos servizos de salvamento marítimo.

A dinámica privatizadora da Xunta de Galicia non se detén diante de nada e así nestes anos se privatizou, cun oneroso gravame estendido no tempo, o servizo de salvamento marítimo que prestan os helicópteros Pesca I e Pesca II. Privatización cuxas parellas necesarias son a precarización e degradación dun Servizo público indispensable. O noso país ten a maior taxa de sinistralidade do Estado. Esa dinámica explica as últimas mortes de traballadores e traballadoras do mar acaecidas nestes meses.

A decisión plasmada no decreto 130/2012 no que se acorda o cobro neste Servizo, a eliminación do seguro colectivo de accidentes no mar, e do seguro por mal tempo a venda onerosa para as arcas públicas galegas dos devanditos helicópteros, a eliminación do buque de apoio e asistencia sanitaria á frota pesqueira que fai a campaña do bonito no océano Atlántico, ou a matriculación nas illas Canarias dos 2 buques maiores dos gardacostas galegos, xestinados pola privada Remolcanosa para degradar as condicións laborais das tripulacións... revelan a derrota privatizadora e mortal do PP en materia de seguridade no mar. Semella necesario restaurar todos os danos provocados pola secuencia desas medidas de recorte patrocinadas pola propia Xunta de Galicia.

Alternativa Galega da Esquerda se pregunta que moralidade social pode explicar o cobro por salvar vidas humanas.

Son estas razóns as que levan ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)** a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que moralidade pública explica que o goberno do PP cobre por salvar vidas humanas segundo se segue do decreto 130/2012, de 31 de maio?

Compostela, 9 de abril de 2013.



Asdo: Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 09/04/2013 10:30:15



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, en relación cos reiterados incumprimentos da legalidade vixente por parte do Alcalde do concello de Viana.

O Alcalde popular de Viana do Bolo vai acumulando na súa práctica política cada día novos incumprimentos da legalidade vixente: utilización de medios públicos con fins partidarios, realizar plenos sen convocar a oposición por mencionar algúns feitos ocorridos no pasado.

Recentemente téñense producido novas actuacións, esta vez no ámbito da contratación de persoal laboral temporal, por parte da administración que el preside que incumpren todas as disposicións legais vixentes. Contratacións de traballadores que non responden ás consignacións orzamentarias por non cumprir cos cometidos competencias do concello, que incumpren o disposto nos orzamentos xerais do Estado e sobre todo nas que non se respectan os principios de igualdade, publicidade e capacidade no acceso a postos de traballo da administración pública.

Estes feitos mesmo mereceron varios informes da secretaría-intervención do concello poñendo de manifesto os seus reparos a que se realizasen estas contratacións nos que se poñen de manifesto as numerosas irregularidades e vulneracións legais en ditas contratacións. O certo é que malia a existencia destes informes a determinación para contratar a estas tres persoas concretas era tal que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o alcalde e o grupo de goberno do Partido Popular en Viana do Bolo utilizaron a súa maioría absoluta para levantar os reparos.

Estamos ante unha práctica en materia de contratación de persoal laboral temporal que, a menor escala, nada ten que envexar á practicada durante décadas na Deputación provincial de Ourense e que hoxe está sendo obxecto de investigación xudicial. Estamos ante unha vulneración, premeditada e con todas as advertencias previas, de todas as normas en materia de acceso á administración pública. Non existe convocatoria, polo tanto non existen bases de contratación, nin publicidade que garanta o dereito de todas as persoas que cumpran os requisitos a se presentaren. Non se realiza a súa contratación en función da capacidade e do mérito, xa que non se realizar nin probas obxectivas, nin de ningún outro tipo, nin valoración de ningún tipo de mérito nun proceso de concurso de méritos.

A xuízo do grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estamos ante feitos moi graves que corrompen os principios democráticos e que teñen unha finalidade allea á de dar satisfacción ás necesidades ou intereses colectivos, e que só persegue unha instrumentalización da institución e dos seus orzamentos en beneficio exclusivo do alcalde e dos “seus”.

Consideramos que estas condutas deben ser reprobadas con total rotundidade e que se deben empregar todos os recursos legais e administrativos para cortalas de raíz.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Non cre que debería haber unha actuación contundente para evitar que o procedemento “dixital” substitúa os procesos de concurso, concurso-oposición ou oposición para o acceso a función pública?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 10:37:31



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno**, relativa á supresión dunha praza de médico de atención primaria no Centro de Saúde de Cea.

Nos últimos días produciuse o traslado dun dos médicos de atención primaria que viña prestando os seus servizos no centro de saúde do concello de Cea. Segundo as noticias que teñen os e as veciñas parece que por parte do Sergas non está previsto que sexa substituído por outro profesional polo que este centro perderá un dos facultativos que viñan atendendo ás persoas usuarias.

De ser certo, estamos ante un novo recorte que trae como consecuencia outra perda de persoal médico e polo tanto dunha merma na calidade asistencial dos e das pacientes deste centro xa que a súa carga de traballo recaerá sobre o persoal restante. Ademais dun ataque á sanidade pública trátase tamén dun novo golpe á poboación rural. Por máis plans propagandísticos que se deseñen o continuo deterioro dos servizos das persoas que viven nas aldeas e vilas do rural non deixan de ir cada día a máis.

Estas son as razóns polas que o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que razóns poden xustificar que non se produza a cobertura con outro profesional o centro de saúde de Cea coa conseguinte perda de calidade asistencial para as persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 10:59:27

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2013 10:59:34



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Boletín Oficial do Parlamento publicou o 2 de abril de 2013 o “Plan para a dinamización demográfica de Galiza” para a súa tramitación de urxencia. Un Plan que necesariamente debería ser transversal e contar cun claro compromiso orzamentario por parte do goberno que teña algún interese en poñelo na práctica.

Os plans demográficos teñen tres soportes básicos. Desenvolvemento económico e emprego, servizos públicos e prestacións e, por último, a igualdade real para as mulleres. A política de Feijóo nos últimos anos vai no sentido contrario, polo que o debate dun Plan de dinamización demográfica debe ser o Pleno do Parlamento e propiciado por un membro do Goberno con capacidade de decisión no Consello da Xunta.

Ante o desprezo que supuxo para os grupos da oposición a tramitación clandestina que propuxo o PP para este Plan, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Porque o Plan de dinamización demográfica de Galiza non foi defendido por un Conselleiro ou Conselleira?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 09/04/2013 11:50:04

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 11:50:13



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Boletín Oficial do Parlamento publicou o 2 de abril de 2013 o “Plan para a dinamización demográfica de Galiza” para a súa tramitación de urxencia. Un Plan que necesariamente debería ser transversal e contar cun claro compromiso orzamentario por parte do goberno que teña algún interese en poñelo na práctica.

Os plans demográficos teñen tres soportes básicos. Desenvolvemento económico e emprego, servizos públicos e prestacións e, por último, a igualdade real para as mulleres. A política de Feijóo nos últimos anos vai no sentido contrario, polo que o debate dun Plan de dinamización demográfica debe ser o Pleno do Parlamento e propiciado por un membro do Goberno con capacidade de decisión no Consello da Xunta.

Ante o desprezo que supuxo para os grupos da oposición a tramitación clandestina que propuxo o PP para este Plan, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Porque a Conselleira Mato logo de anunciálo en reiteradas ocasións en sede parlamentaria non foi a membro encargada de defendelo?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 09/04/2013 11:45:13

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 11:45:21



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Boletín Oficial do Parlamento publicou o 2 de abril de 2013 o “Plan para a dinamización demográfica de Galiza” para a súa tramitación de urxencia. Un Plan que necesariamente debería ser transversal e contar cun claro compromiso orzamentario por parte do goberno que teña algún interese en poñelo na práctica.

Os plans demográficos teñen tres soportes básicos. Desenvolvemento económico e emprego, servizos públicos e prestacións e, por último, a igualdade real para as mulleres. A política de Feijóo nos últimos anos vai no sentido contrario, polo que o debate dun Plan de dinamización demográfica debe ser o Pleno do Parlamento e propiciado por un membro do Goberno con capacidade de decisión no Consello da Xunta.

Ante o desprezo que supuxo para os grupos da oposición a tramitación clandestina que propuxo o PP para este Plan, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en pleno:

Que accións concretas do Plan se desenvolveran durante o 2013 e que orzamento mobilizarán?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 09/04/2013 11:49:10

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 11:49:18



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral en Pleno**, relativa á cobertura de persoal administrativo na Oficina Agraria Comarcal de Viana do Bolo.

Nos próximos días vaise producir a xubilación da persoa titular dunha praza de administrativo da Oficina Agraria Comarcal de Viana do Bolo. En realidade, na práctica, esa praza xa non está ocupada xa que o seu titular está disfrutando das vacacións que lle corresponden.

Con esta xubilación esta oficina comarcal ficará cunha única persoa ocupando un posto de administrativo o cal resultará claramente insuficiente para atender a gran cantidade de traballo existente neste centro de traballo. Xa a día de hoxe se pode apreciar como se producen ringleiras de cidadáns agardando a seren atendidos nos seus trámites e a situación non vai mellorar.

É preciso destacar que esta carencia afecta gravemente a gandeiros e labregos, nunha comarca na que afortunadamente aínda existe unha importante actividade gandeira, xa que estes precisan de realizar numerosos trámites administrativos de diferente tipo, gran parte relacionados coa política agraria común e cos trámites e cumprimento dos requirimentos que se derivan desta.

A xuízo do grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego resulta imprescindible a cobertura desta praza para o bo funcionamento da oficina e



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sobre todo para garantir o desenvolvemento das súas funcións e cometidos en relación coas persoas que se adican á actividade agraria.

Estas son as razóns polas que o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Non cre que non contar co persoal necesario para atender as necesidades e trámites das persoas que se adican á actividade agraria afecta aos seus intereses?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 12:36:54

A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Jaime Castiñeira Broz, Santiago Freire Abeijón, Alejandro Gómez Alonso, Antonio Mouriño Villar, Enrique Novoa López, Román Rodríguez González e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Estación Depuradora de Augas Residuais do Barco de Valdeorras ten importantes problemas de funcionamento, e non é capaz de depurar toda a carga contaminante e caudal que lle chega.

Para solucionar estes problemas sería necesario a súa ampliación e mellora, a través dunha actuación que ten debería incluír:

- Obra de chegada con pozo de grosos e reixa de desbaste automática.
- Novo desareado – desengraxado.
- Melloras no reactor biolóxico existente: reparación de problemas estruturais, nova aireación, e variadores de frecuencia para recirculación.
- Novo decantador secundario.
- Execución de tanque anaerobio para eliminación biolóxica do fósforo.
- Nova automatización da EDAR.

A execución deste proxecto conta cun orzamento inicialmente estimado de 1.839.718,11 €. Dado que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil asignou 1.200.000 € dos fondos FEDER, o resto deben de poñelo os cofinanciadores, que terían que achegar un total de 727.562,50€ en tres anualidades.

Por iso, en próximas datas as a Confederación Hidrográfica e o Concello asinarán un convenio no que o concello asume o compromiso de cofinanciamento, e a Confederación achega os fondos europeos e contrata e executa as obras.

O compromiso orzamentario que supón o cofinanciamento trátase dunha gran carga para o Concello do Barco, polo que a Xunta de Galicia mostrou a súa disposición a colaborar nesta actuación, de modo coherente co impulso que se lle está a prestar ao Consorcio para a depuración de Valdeorras.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, presentamos a seguinte pregunta en Pleno.

Cales son as previsións para que este proxecto sexa posible?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 09/04/2013 12:43:15

Jaime Castiñeira Broz na data 09/04/2013 12:43:28

José Santiago Freire Abeijón na data 09/04/2013 12:43:35

Alejandro Gómez Alonso na data 09/04/2013 12:43:42

Antonio Mouriño Villar na data 09/04/2013 12:43:49

Enrique Nóvoa López na data 09/04/2013 12:43:56

Román Rodríguez González na data 09/04/2013 12:44:06

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 09/04/2013 12:44:19

Á Mesa do Parlamento

Isabel García Pacín e José Manuel Balseiro Orol, deputada e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En España non todos os artesáns e os seus produtos alimentarios están sometidos aos mesmos requisitos debido a que o sector réxese segundo diferentes normativas das Comunidades Autónomas.

Cataluña e Galicia contemplan estas producións de artesanía alimentaria na súa normativa de calidade, pero non teñen un decreto específico como é o caso do País Vasco, Andalucía, Aragón, Navarra ou Castilla-León.

Os obxectivos da necesidade dunha regulamentación específica para a produción agraria artesán, pasa pola diferenciación de produtos de calidade baseados en métodos tradicionais de elaboración, ao tempo que se apoian e protexen producións locais.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno.

Cales son as previsións da Consellería do Medio Rural e do Mar ao respecto da aprobación da norma regulamentaria que permita a produción e comercialización de producións de artesanía alimentaria galega?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

María Isabel García Pacín na data 09/04/2013 13:16:35

José Manuel Balseiro Orol na data 09/04/2013 13:16:46



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Xabier Ron Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ao acoso policial que están padecendo persoas migrantes en Galicia.

Unha vez máis, vémonos na obriga de preguntarlle ao goberno galego se cre e traballa pola democracia. Hoxe, 9 de abril de 2013, resoa, alta e forte, a denuncia de vulneración de dereitos das persoas migrantes realizada polo **Foro Galego de Inmigración** e a **Asociación de Sen papeis de A Coruña** e outros colectivos da cidade herculina que “**denuncian o acoso ao que está a someter a Policía Local de A Coruña ao colectivo de persoas migrantes nixerianas residentes na cidade, particularmente aos vendedores ambulantes.**”

Lembrámoslle ao goberno galego que a democracia se constrúe todos os días e se visibiliza no fortalecemento da saúde democrática, na preservación e mantemento dos Dereitos Humanos. A súa vulneración representa un comportamento intolerable en Democracia. Cando se persegue na práctica dende as institucións estatais, autonómicas e mesmo locais a un colectivo específico, cunha cultura e cunhas condicións socioeconómicas específicas e de evidente vulnerabilidade, se convoca ao anxo exterminador da xenofobia e o racismo, que alonga a súa sombra no que fai a política de migracións do PP.

Na súa maioría o colectivo atacado está composto por residentes, recoñecidos legalmente, que se atopan nunha situación de desemprego e que desenvolven esta actividade de venda ambulante, para acadar uns recursos mínimos que lles permitan sobrevivir.

Non é de recibo que se lle poñan todo tipo de atrancos para que podan sobrevivir. E tampouco podemos tolerar que sexan sometidos a un permanente acoso baixo forma de imposición de sancións económicas: xa se lles impuxo máis de 30 sancións (multas) de 100 Euros, ao tempo que lles impiden realizar calquera actividade que lles permita facelas efectivas. Mesmo, acontece que unha destas persoas vendedoras foi detida e posteriormente trasladada a un centro de saúde, acreditando un parte médico as lesións froito do maltrato policial.

Forma parte da política de inmigración deste goberno, maltratar e acosar sistematicamente as persoas migrantes en situación de regularidade ou irregularidade administrativa, discriminándolas no acceso aos servizos públicos, pero non á hora de cobrarlles os impostos, creando así tamén unha atmosfera xenófoba, digna do racismo frío, institucional que describe Jacques Rancière.

Ante a existencia destes feitos, Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- 1) É coñecedor o goberno galego da realización destas prácticas de acoso a persoas migrantes?

Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo. Xabier Ron Fernández
Deputado do G.P. da AGE



Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 09/04/2013 13:18:07



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O venres 5 de abril de 2013 o DOG publicaba a “Orde do 2 de abril de 2013 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2013”. Nesta ocasión o goberno galego aplica un serio recorte ao fondo total adicados a estas axudas, en concreto o recorte supón unha redución da cuarta parte dos fondos.

Estas axudas foron convocadas por primeira vez no ano 2006 baixo o nome de “salario da liberdade” e posteriormente foron recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que no seu artigo 39 dispón que a Xunta de Galiza establecerá, a través do departamento competente en materia de igualdade, unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, e tentar axudala a romper coa situación de violencia. Indica que se aboará periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero, e que será o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases de convocatoria e as contías das axudas, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O seu obxectivo é claro na lei, isto é, posibilitar a autonomía e independencia das mulleres respecto aos seus agresores, xa que, a dependencia económica respecto do agresor é unha das razóns que dificulta ás mulleres dar o primeiro paso para rachar coa situación de violencia. No momento en que todas as asociacións de mulleres alertan con diferentes informes que “a crise supón un freo para denunciar, polo temor a non encontrar emprego e verse sen recursos para saír adiante” sorprende que o goberno galego non analice as necesidades das mulleres que sofren violencia de xénero neste momento concreto. Incluso resulta incomprensíbel que o goberno xustifique o recorte aducindo, segundo recolle a prensa, que “o ano pasado houbo moitas solicitudes e esta vez non se agradan tantas”. Moitas mulleres levan varios meses agardando a que se convoque esta axuda e, non entendemos que base empírica ten o goberno para agardar menos solicitudes.

Asemade, para este grupo parlamentar, é un erro que as condicións para o acceso ás axudas teñan sido endurecidas desde a súa creación. Cos criterios anteriores unha muller que contará cuns ingresos de 800 euros ao mes podería collerse a unha axuda de 400 euros, agora esa mulleres non ten ningún tipo de axuda para poder refacer a súa vida e a dos seus fillos e fillas. Os criterios actuais recollen que, mensualmente, para quen contén con ingresos de até 532,51 euros, a axuda será de 600 a 800, e de 300 a 500 para aquelas con percepcións de entre 532,52 y 798,76.

Dado que a situación de crise económica ten un impacto importante tamén na violencia de xénero como xa alertou a ONU no 2010, o lóxico dun goberno responsábel é comprometido na loita coa violencia de xénero sería mellorar a cobertura social destas axudas e reforzalas neste momento.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Pensa a Secretaría xeral de Igualdade adaptar os recursos para a loita da violencia de xénero a este momento de forte crise económica?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 09/04/2013 13:45:47

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 13:45:55



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O venres 5 de abril de 2013 o DOG publicaba a “Orde do 2 de abril de 2013 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2013”. Nesta ocasión o goberno galego aplica un serio recorte ao fondo total adicados a estas axudas, en concreto o recorte supón unha redución da cuarta parte dos fondos.

Estas axudas foron convocadas por primeira vez no ano 2006 baixo o nome de “salario da liberdade” e posteriormente foron recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que no seu artigo 39 dispón que a Xunta de Galiza establecerá, a través do departamento competente en materia de igualdade, unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, e tentar axudala a romper coa situación de violencia. Indica que se aboará periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero, e que será o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases de convocatoria e as contías das axudas, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

O seu obxectivo é claro na lei, isto é, posibilitar a autonomía e independencia das mulleres respecto aos seus agresores, xa que, a dependencia económica respecto do agresor é unha das razóns que dificulta ás mulleres dar o primeiro paso para rachar coa situación de violencia. No momento en que todas as asociacións de mulleres alertan con diferentes informes que “a crise supón un freo para denunciar, polo temor a non encontrar emprego e verse sen recursos para saír adiante” sorprende que o goberno galego non analice as necesidades das mulleres que sofren violencia de xénero neste momento concreto. Incluso resulta incomprensíbel que o goberno xustifique o recorte aducindo, segundo recolle a prensa, que “o ano pasado houbo moitas solicitudes e esta vez non se agradan tantas”. Moitas mulleres levan varios meses agardando a que se convoque esta axuda e, non entendemos que base empírica ten o goberno para agardar menos solicitudes.

Asemade, para este grupo parlamentar, é un erro que as condicións para o acceso ás axudas teñan sido endurecidas desde a súa creación. Cos criterios anteriores unha muller que contará cuns ingresos de 800 euros ao mes podería collerse a unha axuda de 400 euros, agora esa mulleres non ten ningún tipo de axuda para poder refacer a súa vida e a dos seus fillos e fillas. Os criterios actuais recollen que, mensualmente, para quen contén con ingresos de até 532,51 euros, a axuda será de 600 a 800, e de 300 a 500 para aquelas con percepcións de entre 532,52 y 798,76.

Dado que a situación de crise económica ten un impacto importante tamén na violencia de xénero como xa alertou a ONU no 2010, o lóxico dun goberno responsábel é comprometido na loita coa violencia de xénero sería mellorar a cobertura social destas axudas e reforzalas neste momento.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Que indicadores emprega o goberno galego para afirmar que existirá menos demanda de axuda no ano 2013?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 09/04/2013 13:44:39

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 13:44:47



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O venres 5 de abril de 2013 o DOG publicaba a “Orde do 2 de abril de 2013 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2013”. Nesta ocasión o goberno galego aplica un serio recorte ao fondo total adicados a estas axudas, en concreto o recorte supón unha redución da cuarta parte dos fondos.

Estas axudas foron convocadas por primeira vez no ano 2006 baixo o nome de “salario da liberdade” e posteriormente foron recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que no seu artigo 39 dispón que a Xunta de Galiza establecerá, a través do departamento competente en materia de igualdade, unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, e tentar axudala a romper coa situación de violencia. Indica que se aboará periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero, e que será o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases de convocatoria e as contías das axudas, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O seu obxectivo é claro na lei, isto é, posibilitar a autonomía e independencia das mulleres respecto aos seus agresores, xa que, a dependencia económica respecto do agresor é unha das razóns que dificulta ás mulleres dar o primeiro paso para rachar coa situación de violencia. No momento en que todas as asociacións de mulleres alertan con diferentes informes que “a crise supón un freo para denunciar, polo temor a non encontrar emprego e verse sen recursos para saír adiante” sorprende que o goberno galego non analice as necesidades das mulleres que sofren violencia de xénero neste momento concreto. Incluso resulta incomprensíbel que o goberno xustifique o recorte aducindo, segundo recolle a prensa, que “o ano pasado houbo moitas solicitudes e esta vez non se agradan tantas”. Moitas mulleres levan varios meses agardando a que se convoque esta axuda e, non entendemos que base empírica ten o goberno para agardar menos solicitudes.

Asemade, para este grupo parlamentar, é un erro que as condicións para o acceso ás axudas teñan sido endurecidas desde a súa creación. Cos criterios anteriores unha muller que contará cuns ingresos de 800 euros ao mes podería collerse a unha axuda de 400 euros, agora esa mulleres non ten ningún tipo de axuda para poder refacer a súa vida e a dos seus fillos e fillas. Os criterios actuais recollen que, mensualmente, para quen contén con ingresos de até 532,51 euros, a axuda será de 600 a 800, e de 300 a 500 para aquelas con percepcións de entre 532,52 y 798,76.

Dado que a situación de crise económica ten un impacto importante tamén na violencia de xénero como xa alertou a ONU no 2010, o lóxico dun goberno responsábel é comprometido na loita coa violencia de xénero sería mellorar a cobertura social destas axudas e reforzalas neste momento.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Porque se reduce o goberno galego o crédito das axudas as mulleres vítima de violencia de xénero no ano 2013?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 09/04/2013 13:43:31

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 13:43:41



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Xabier Ron Fernández e Antón Sánchez, deputados do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ás **solicitudes da empresa de mineira ERIMSA de realizar estudos de futuras prospeccións para a procura de cuarzo**.

Veñen de coñecerse hoxe preocupantes novas que nos informan de que unha empresa mineira ERIMSA (Explotacion de Rocas Industriales y Minerales S.A.), integrada no holding mineiro noruegués ELKEM, presentou ante a Xunta de Galicia cinco solicitudes para a que se lle autorice a realización de estudos para futuras prospeccións para a procura de cuarzo.

As solicitudes rexistradas por ERIMSA afectan mesmo a solo rústico de protección agropecuaria e implican a 6 concellos da comarca de Compostela, Oroso, O Pino, Santiago de Compostela, Ordes, Frades e Mesía, nun espazo total de 8.000 hectáreas.

Existe moita preocupación entre as persoas que viven neses concellos ante o que semella unha colonización mineira dos espazos rurais galegos. Os espazos que desexa furar a ceo aberto ERIMSA afectan a recursos hídricos esenciais coma o Tambre e mesmo a Lugares de Interese Común e deixarían inservibles para sempre espazos agrogandeiros imprescindibles para o futuro do noso país no eido medioambiental, ecolóxico e social.

Ante a existencia destes feitos, Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- 1) É coñecedor o goberno galego do perigo e do dano social e medioambiental que provocarían estas explotacións mineiras?

Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo. Xabier Ron Fernández
Deputado e portavoz s. do G.P. da AGE

Asdo. Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 09/04/2013 14:00:15

Antón Sánchez García na data 09/04/2013 14:00:21



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á resolución da Axencia Estatal de Administración Tributaria pola que se eliminan servizos en diferentes Administracións.

O pasado día 16 de febreiro do 2013 a Axencia Estatal de Administración Tributaria publicou a resolución pola que modifica a estrutura e a organización territorial vixente do citado organismo tributario

Esta resolución que ven motivada polo “actual escenario de austeridade orzamentaria” e fala da necesidade de procurar “maior eficacia e eficiencia posible, xunto coa optimización e racionalización dos recursos dispoñíbeis” como principios nos que ha de sustentarse o funcionamento da AEAT.

No que se refire a Galiza a maior parte das Administracións da Axencia Tributaria pasarán, segundo esta resolución que entrou en vigor o pasado día 25 de febreiro, prestarán basicamente servizos de información e de asistencia.

Hai que ter en conta que isto vai obrigar ás persoas que viven no seu ámbito territorial a realizar grandes desprazamentos para realizaren moitos trámites tributarios que antes realizaban nas Administracións das súas vilas. Así até agora as declaración do IRPF ou IVE na totalidade do seu expediente desde o seu inicio até o fin, incluídos recursos, aprazamentos de pago, etc., realizábanse nestas



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Administracións. Esta reforma poderanse iniciar os trámites nestas oficinas aínda que na maioría dos casos a súa revisión e tramitación final, así como os recursos haberá que realizalos na correspondente Delegación.

Mesmo a resolución deixa aberta a posibilidade de que poida haber variacións no cadro de persoal que presta os seus servizos nestas Administracións. A xuízo do grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estamos ante unha reforma que é o preludio do peche da Administración da AEAT en moitas vilas, desmantelando progresivamente un novo servizo público.

Consideramos que non existen razóns técnicas nin obxectivas para que se faga esta reforma, deixando as Administracións como meras oficinas de información e asistencia, vulnerando o dereito dos e das contribuíntes a ter acceso aos seus expedientes e a realizaren as tramitacións sen ter que se desprazar ás Delegacións.

Estamos ante un novo desmantelamento con especial incidencia nas vilas e comarcas do rural que, no ámbito tributario, hai que engadir á supresión das oficinas liquidadoras dos Rexistros da Propiedade, obrigando a continuos desprazamentos ás cidades.

Estas son as razóns polas que o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está prevista a adopción dalgunha medida para evitar os continuos desprazamentos das persoas contribuíntes ás Delegacións para realizar parte dos seus trámites coa administración tributaria?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 09/04/2013 17:56:44



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

En 1984 comezou o desmantelamento do sector Naval galego, un sector industrial estratéxico para o desenvolvemento de Galiza. Hoxe a situación do sector é moito máis que preocupante. Os sindicatos calculan que desde o 2008 na comarca de Vigo se perderon 11.000 traballos directos do sector do naval e 27.000 indirectos. O Sr. Feijóo prometeu en precampaña electoral os famosos acordos con Pemex como táboa de salvación para o naval. En concreto o 19 de setembro de 2012 gabábase de conseguir un acordo entre a petroleira mexicana Pemex e os asteleiros Navantia e Barreras para a construción dun buque hotel cada un. Afirmou o Sr. Feijóo que eran un acordo en firme para reflotar a situación galega. Desde entón todo son información contraditorias a respecto da natureza destes contratos e da cronoloxía dos mesmos. O certo é que seis meses e 15 días despois non hai carga de traballo nos asteleiros galegos e seguimos agardando por PEMEX.

Ante tanta incerteza e a grave situación que vive o sector naval, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Cando comezaran os asteleiros a construír os floteis?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 09/04/2013 18:14:18

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 09/04/2013 18:14:26

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba e José Luis Méndez Romeu, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A actividade comercial é un dos motores da economía galega, sendo o comercio un dos eixes vertebradores da nosa economía.

O pequeno e mediano comercio contribúe de forma significativa á xeración de emprego no noso país, este sector de vital importancia en Galicia está a padecer unha situación crítica, desde que goberna o PP, consecuencia dunhas medidas que tanto o Goberno de España como o Goberno galego están tomando, e que son consecuencia dun recorte permanente dos orzamentos dedicados a potenciar o comercio.

Todos os datos indican caídas permanentes de vendas, peche de establecementos, perda de postos de traballo, que están levando á desaparición do tecido comercial galego.

Estas son as razóns polas que os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da situación na que se atopa o comercio en Galicia, ante os datos de caída de vendas nos últimos anos?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2013

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
José Luis Méndez Romeu
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 10/04/2013 10:14:30



 Grupo Parlamentario

José Luís Méndez Romeu na data 10/04/2013 10:14:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Beatriz Sestayo Doce, José Luis Méndez Romeu e José Manuel Gallego Lomba, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación dos estaleiros de Ferrolterra é dramática. A absoluta falla de vontade política dos gobernos populares por rectificar unha deriva catastrófica para a cidade de Ferrol e a comarca é clamorosa.

A negligencia e abandono na xestión dos estaleiros non ten parangón mentres que as escasas decisións que se toman adóptanse sempre ás costas dos estaleiros da Ría e da súa potenciación e viabilidade. Xa temos denunciado nesta Cámara de forma reiterada, como seguiremos facendo, os incumprimentos respecto ao centro de reparacións, ao dique flotante, aos contratos con Pemex ..., pero esta iniciativa pretende centrarse nun aspecto concreto que é ilustrativo do desapego dos xestores de Navantia respecto a Ferrol.

É sobradamente coñecido que os estaleiros ferroláns se caracterizan por unha alta cualificación do seu persoal e por unha enxeñería enormemente especializada que ten fabricado produtos pioneiros e xerado patentes.

O programa de xestión informática Nécora, nacido en Ferrol, constitúe un instrumento tecnolóxico de altísima capacidade recoñecido por profesionais de todo tipo e desenvolvido nos estaleiros de Ferrol. Pois ben Navantia, dependente do Goberno de Mariano Rajoy, acaba de licitar por valor de 800.000 euros paquetes de software de planificación e produtividade ignorando que ten tecnoloxía propia, e segue a potenciar a tecnoloxía alemá mentres se lles impón aos traballadores despedimentos, recortes de nóminas, traslados e inseguridade absoluta no traballo, os gobernos populares ademais seguen a menosprezar a tecnoloxía propia galega.

 Grupo Parlamentario

En virtude do exposto, a deputada e os deputados que asinan
formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Que valoración fai o Goberno galego da non utilización da
tecnoloxía propia nos estaleiros ferroláns?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2012

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 10/04/2013 10:57:05

José Luís Méndez Romeu na data 10/04/2013 10:57:16

José Manuel Gallego Lomba na data 10/04/2013 10:57:33



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **María Consuelo Martínez García**, membro do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao necesario plan industrial para NAVANTIA.

Cómpre subliñar a importancia estratéxica que o sector naval ten para o futuro do emprego e da industria do noso país. O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA) afirma a importancia crucial de garantir o futuro desa empresa pública, da súa expansión e, xa que logo, temos que expresar o noso rexeitamento e desacougo polos perfís da única medida efectiva que parece que vai levar a cabo: un chamado plan de competitividade como coartada para minguar a potencia do estaleiro público.

O goberno do Estado continúa a provocar desacougo na plantilla de Navantia ou o que é o mesmo nunha comarca galega, Ferrolterra, pola vía de mentir primeiro e logo xogar á confusión. O malfadado anuncio do presidente da SEPI, o 21 de marzo, dun plan de competitividade que incluírá medidas de axuste salarial non se concretou logo da reunión do comité intercentros de Navantia, que se celebrou onte en Madrid. Semella que o goberno galego só quere asustar e finalmente destruír o porvir dunha industria estratéxica para Ferrolterra e Galicia.

Alternativa Galega da Esquerda denuncia a intencionalidade lesiva do PP que segue sen concretar os contidos do chamado plan de competitividade. Os custos salariais non son os responsables da situación de falla de carga de traballo de Navantia: os responsables son unha política do goberno do PP que quere afogar os estaleiros públicos, non achegar investimentos produtivos clave como o dique flotante ou a falla dun plan industrial que oriente estratéxicamente o devir da empresa pública.

As mentiras e os incumprimentos da SEPI co dique flotante, a terra ignota onde restan os contratos electorais dos floteis coa petroleira mexicana e o anuncio dun ulterior mazazo en forma de axuste salarial, de condicións laborais e quen sabe se tamén de emprego retratan a axenda do PP: destruír a riqueza social que Navantia, a súa plantilla, é quen de achegar á sociedade ferrolá e galega.

Todo elo desbotando a importancia e urxencia de elaborar un plan industrial que permita desprezar as capacidades produtivas do estaleiro público radicado no noso país.

Polo antedito, o Grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Non valora como necesario e urxente a elaboración dun plan industrial para o estaleiro público en vez do anunciado e aínda non revelado plan de axuste para Navantia?

Compostela, 10 de abril de 2013.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. María Consuelo Martínez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 10/04/2013 11:02:44

María Consuelo Martínez García na data 10/04/2013 11:02:49

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública vén de denunciar que a Consellería de Sanidade pretende centralizar nunha empresa privada a parte das tecnoloxías máis avanzadas e innovadoras dos laboratorios dos hospitais públicos de Galicia.

Esta medida, de concretarse, afondaría no desmantelamento e a privatización do sistema sanitario público galego.

Ademais, os laboratorios dos hospitais públicos deixarían de desenrolarse tecnoloxicamente e quedarían limitados a realizar as probas máis sinxelas.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que pretende facer a consellería cos laboratorios dos hospitais públicos?

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 10/04/2013 13:46:54

María Carmen Gallego Calvar na data 10/04/2013 13:47:02



 Grupo Parlamentario

María Remedios Quintas Álvarez na data 10/04/2013 13:47:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno galego acaba de levar ao Consello da Xunta de Galicia que vai incorporar novos centros sociosanitarios ao programa de prestación farmacéutica do Sergas.

Programa iniciado xa no ano 1998 e que consiste en que a farmacia hospitalaria máis próxima á residencia da terceira idade sexa a encargada de facilitar a medicación deses residentes.

Segundo o Goberno este programa supón un beneficio asistencial para os pacientes, xa que o seguimento da súa farmacoterapia se realiza de xeito individualizado e baixo a responsabilidade dun farmacéutico do Sergas, o que facilita a continuidade asistencial. Pero, ademais, supón un aforro para a administración.

Na actualidade, o programa tiña incorporados 70 centros residenciais cun total de 8.700 prazas e eran as farmacias de 12 hospitais da rede do Sergas os que proporcionaban esa medicación.

E parece que a partir de agora vanse incorporar 22 centros máis, cun total de 2.552 residentes o que posibilitará, sempre segundo datos do Goberno, que se chegue a un total de 92 centros e a preto de 11.300 residentes dentro dese programa.

Claro que agora as circunstancias non son as mesmas que cando comezou este programa. Agora o PP ten implantado o copago farmacéutico e non sería xusto que o pensionista que está na súa casa teña que pagar as medicinas, mentres que o que vive nunha residencia, tanto si esta é publica como si é privada, non o faga.

Grupo Parlamentario

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como contempla o copago farmacéutico o programa de prestación farmacéutica do Sergas incorporado aos centros sociosanitarios?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 10/04/2013 13:52:08

María Carmen Gallego Calvar na data 10/04/2013 13:52:15

María Remedios Quintas Álvarez na data 10/04/2013 13:52:17

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, José Antonio Sánchez Bugallo, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Fondo de Compensación Ambiental é un instrumento de financiamento proveniente principalmente do canon eólico, dedicado á conservación, reposición e restauración do medio ambiente , así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial dos que serán principais beneficiarios municipios afectados pola implantación de parques eólicos e polas instalacións de evacuación destes. Establece tamén que será beneficiaria o conxunto da sociedade mediante actuacións que, promovidas pola Administración autonómica, se dirixan ao incremento da eficiencia no aproveitamento dos recursos enerxéticos renovables, da sostibilidade, biodiversidade e do uso recreativo e educativo dos recursos de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista recibiu informacións de que recursos do Fondo de Compensación Medioambiental foron derivados, fóra da previsión normativa, para financiar parques de bombeiros . Este grupo parlamentario preguntou ata cinco veces esta cuestión na Cámara galega, ante o vicepresidente Rueda e ante o director xeral de Administración local sen que lle fose respondida.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Utilizouse o Fondo de Compensación Medioambiental para financiar parques de bombeiros?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

 Grupo Parlamentario

Beatriz Sestayo Doce na data 10/04/2013 14:02:32

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/04/2013 14:02:45

Raúl Fernández Fernández na data 10/04/2013 14:03:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/04/2013 14:03:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia



A MESA DO PARLAMENTO

O deputado **Ramón Vázquez Díaz**, integrante do **Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para o súa resposta oral en Pleno**, relativa aos avións militares non tripulados.

Ao longo destes anos numerosas fontes situaban a Galicia como o lugar escollido para establecer unha das cinco bases de Drones que a OTAN ten previsto instalar en Europa.

Nun primeiro momento todo parecía apuntar a que sería a zona de Trasmiras en Ourense a elixida para establecer a mencionada base de Drons por reunir os requisitos necesarios, mais axiña se empezou a falar de Lugo e o Aeródromo de Rozas en Outeiro de Rei como outra das opcións viables para o establecemento da base internacional de drons, eufemisticamente chamados avións non tripulados, á vez que quedaba evidenciada a paralización do proxecto de Trasmiras.

En Marzo de 2011 facíase público o establecemento dun programa de avións non tripulados no Aeródromo de Rozas para a investigación, desenvolvemento de proxectos e divulgación no campo da aeronáutica, a través dun convenio co Instituto Nacional de Técnica Aeronáutica (INTA) dependente do Ministerio de Defensa. Participaron na xestación de dito convenio O Goberno Central, A Deputación Provincial de Lugo, O Concello de Castro de Rei e O Real Aeroclube de Lugo. Dito convenio terá unha duración prorrogable de 10 anos.

Nesas datas confirmábase o inicio das probas por parte do Ministerio de Defensa para empregar o Aeródromo de Rozas como base de avións espía do programa da multinacional AEDS, unha das mais importantes en venda de armamento militar a nivel mundial.

No mes de xullo de 2012, producíase a visita do Xeneral de División Ignacio Azqueta e o Subdirector Xeral de Experimentación e certificación do INTA, Bartolomé Marqués ao aeródromo de Rozas. Ambos recoñecían a realización de probas con avións non

tripulados e o inicio de obras de adaptación no Aeródromo Lucense para estes fins. Marques e Azqueta declararon ademais, que Lugo podería ser unha das cinco bases de probas que os Estados Unidos tiña previsto instalar en Europa e poñer en marcha antes do 2015.

Os pasado mes de febreiro de 2013 levanta o voo en Rozas o “ATLANTE”, un avión non tripulado fabricado pola Empresa Cassidian, pertencente a multinacional EADS, o consorcio europeo líder mundial en venda de armamento.

O “ATLANTE” é definido polo propio fabricante como un UAS (Unmanned Aerial System) polivalente, o que fai deste modelo **“O primeiro avión non tripulado táctico capaz de realizar misións tanto civís como militares...”**

Trátase polo tanto dun avión non tripulado dos chamado “dron”, tristemente celebres por practicar masacres e asasinatos a civís e militares nos principais escenarios de guerra do planeta. Cada ano son milleiros as vítimas deste tipo de avións que actúan impunemente en países como Pakistan, Yemen, Irak, Somalia, Afganistan, Palestina...

Por estes e outros motivos as bases de drons son ademais destacados obxectivos militares e terroristas polo seu alto valor militar e estratéxico o que supón un risco mais que evidente para a cidadanía que se atope na súa contorna.

Tendo en conta estes feitos, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

¿Cal é a información da que dispón o Goberno Galego sobre o convenio asinado entre o INTA o Concello de Castro de Rei, o Real Aeroclube de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo e sobre as probas con drons que se están a realizar no aeródromo de Rozas?

Compostela, 10 de abril de 2013.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:



Ramón Vázquez Díaz na data 10/04/2013 14:20:47

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a través da súa portavoz suplente, **Yolanda Díaz Pérez** e do seu deputado **Ramón Vázquez Díaz**, **SOLICITA** que se faga a seguinte corrección de erros nas iniciativas que se relacionan a continuación:

- Proposición non de lei en Pleno (doc. núm. 5860).
- Pregunta con resposta oral en Pleno (doc. núm. 6420).
- Pregunta con resposta oral en Comisión (doc. núm. 6422).
- Interpelación (doc. núm. 6424).

Onde aparece a expresión “Outeiro de Rei” debe figurar “Castro de Rei”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2013.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz

Deputado do G.P. da AGE

Yolanda Díaz Pérez

Viceportavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 15/04/2013 18:27:21

Yolanda Díaz Pérez na data 15/04/2013 18:27:30

Á Mesa do Parlamento

Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López, Francisco Caamaño Domínguez, Juan Carlos González Santín e José Ramón Val Alonso, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O noso sistema educativo a pesares do que se di, sen demasiado rigor, foi quen de formar moi ben a toda unha xeración de mozos e mozas ao longo dos últimos anos, tanto a nivel de ensino medio como a nivel de ensino superior.

Tristemente, unha boa parte desa xuventude tan ben preparada vese na obriga de coller unha “maletiña” e buscar noutro país o que aquí non somos capaces de darlles: expectativas laborais de presente e futuro.

Son moitos os países receptores da nosa man de obra ben cualificada: Alemaña, Inglaterra, Francia, Canadá, Brasil, Australia... Estes países valoran e agradecen a chegada desta xeración de xente nova tan ben cualificada.

Todo isto prodúcese, ademais, cando o Goberno de España ten en trámites a posta en marcha dunha futura lei educativa, xa que consideran que a actual é un auténtico “fracaso”...

Asemade, dende a Xunta de Galicia dísenos constantemente que se quere fomentar a cultura emprendedora entre a nosa xuventude..., polo que os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Que ten previsto facer o Goberno galego para frear este éxodo masivo de mozos e mozas?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2013

 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 10/04/2013 18:33:12

María Concepción Burgo López na data 10/04/2013 18:33:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 10/04/2013 18:33:42

Juán Carlos González Santín na data 10/04/2013 18:34:01

José Ramón Val Alonso na data 10/04/2013 18:34:14

Á Mesa do Parlamento

Manuel Vázquez Fernández e Abel Losada Álvarez, presidente e portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

Na comparecencia parlamentaria realizada polo presidente da Xunta de Galicia no día de onte, para dar conta da súa relación co clan de contrabandistas e narcotraficantes liderado por Marcial Dorado, o Sr. Núñez Feijoo afirmou que, de todos os gobernos autonómicos dende 1990, fora o correspondente a VII Lexislatura o que concedera un maior número de subvención ou contratos ás empresas na órbita de tal persoa. Do que claramente se desprende que polo actual presidente da Xunta son coñecidas tanto as empresas ligadas a Marcial Dorado, como as axudas, concesións e contratos percibidos ao longo dos anos polas mesmas, deducíndose que se levou a cabo dende a Administración autonómica unha ardua investigación ao efecto e que avalarían tal afirmación pública realizada en sede parlamentaria.

Polo que se lle formula a Xunta de Galicia a seguinte pregunta en Pleno:

Que axudas, concesións ou contratos percibiron, por parte da Administración autonómica, as empresas ligadas ao Sr. Marcial Dorado dende o ano 1990 á actualidade?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 11/04/2013 10:10:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/04/2013 10:11:25

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Manuel Vázquez Fernández e Abel Losada Álvarez, presidente e portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

En relación aos vínculos entre o actual presidente da Xunta de Galicia co clan de contrabandistas e narcotraficantes liderado por Marcial Dorado, o xuíz Sr. Vázquez Taín realizou unha serie de manifestacións públicas aos medios de comunicación que, segundo el mesmo declarou, foran realizadas por que llo pedira a policía. O Sr. ministro de Interior, Jorge Fernández Díaz, vén de afirmar no Congreso dos deputados, que dende a policía nacional non xurdira tal indicación. Polo que se deduce de ambas afirmacións, ou ben que algún dos dous está a mentir, ou que soamente puido ser dende a policía autonómica de onde procedera tal indicación. Tal departamento está baixo as directrices do Sr. vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, que resulta ser a súa vez secretario xeral do Partido Popular de Galicia.

Polo anteriormente exposto, formulase a seguinte pregunta:

Deu o Sr. vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza algunha indicación para que o xuíz Sr. Vázquez Taín realizara unha serie de manifestacións públicas aos medios de comunicación en relación aos vínculos entre o actual presidente da Xunta de Galicia co clan de contrabandistas e narcotraficantes liderado por Marcial Dorado ?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 11/04/2013 10:05:50

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/04/2013 10:05:57



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputad@s do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral en Pleno**, referente á non transmisión e a manipulación informativa, da comparecencia do Presidente da Xunta no Parlamento Galego para dar conta da súa relación con Marcial Dorado.

O Parlamento Galego debería ser o centro da vida política en Galiza e en consecuencia a RTVG tería que reservar un espazo privilexiado na grella para dar conta do que acontece na institución onde reside a soberanía do pobo galego. Máis o que acontece sistematicamente é xusto o contrario, que se lle dá un tratamento residual e totalmente subsidiario da acción do Goberno da Xunta.

No día de onte, mércores 10 de abril, produciuse a comparecencia de Alberto Núñez Feijoo como presidente da Xunta no Parlamento Galego. Comparecencia solicitada polas organizacións políticas da oposición para que dera conta da súa relación co narcotraficante Marcial Dorado. Relación dada a coñecer a partir da publicación dunhas fotografías por parte dun medio de comunicación na que aparecen o Presidente da Xunta e o narcotraficante.

Esta comparecencia, como era de esperar, espertou unha grande expectación tanto no conxunto da sociedade galega como nos medios de comunicación, que fixeron unha moi ampla cobertura da comparecencia.

Unha comparecencia destas características, que espertou tanto interese informativo debería ter sido obxecto dun tratamento e un seguimento acorde por parte dos medios de titularidade pública. O normal tería sido que a comparecencia se transmitira na súa integridade por algunha das dúas canles da TVG.

Unha vez máis a dirección da TVG furtoulle á sociedade galega unha información de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

máxima relevancia. Furtoulle o dereito a ver de primeira man, sen filtros, sen interpretacións unha comparecencia de máxima expectación e relevancia.

Parece evidente que o cumprimento dos principios da CRTVG como medios públicos, terían que ter dado como consecuencia a emisión da comparecencia e telo feito con obxectividade e imparcialidade, respectando o pluralismo político e con clara separación entre información e opinión.

Nada máis lonxe da realidade, unha mínima análise da información transmitida pola TVG nos seus Telexornais I e II do día de onte 10 de abril, no referente á comparecencia de Núñez Feijoo, volveu a ser unha mostra clara de manipulación informativa, e de uso do medio público ao servizo do Partido Popular e da Xunta de Galiza.

Unha liña informativa totalmente coincidente coa liña do PP, con unha desproporción máis que evidente entre os tempos que se lle adxudican aos líderes das diferentes organizacións políticas e os que se lle adxudican a Feijoo.

Presenza dos líderes políticos no TX-1 do 10/03/2013: Feijoo 5 minutos, Pedro Puy 44segundos, Manuel Vázquez 40 segundos, Xosé Manuel Beiras 22 segundos, Francisco Jorquera 20 segundos.

Presenza dos líderes políticos no TX-2 do 10/03/2013: Feijoo 5 minutos 10 segundos, Pedro Puy 35 segundos, Manuel Vázquez 40 segundos, Xosé Manuel Beiras 39 segundos, Francisco Jorquera 20 segundos .

Entre os dous informativos do día 10 de abril TX-1 e TX-2 adícaselle 10 minutos e 10 segundos a Núñez Feijoo e 1 minuto 19 segundos ao portavoz do PP. Frente a esta minutaxe 3 minutos para o conxunto da oposición.

Os cortes emitidos da oposición sempre van acompañados de entradas cos argumentos de Feijoo, entrada da noticia é comentada pol@s xornalistas destacando o punto de vista do PP.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do BNG, a través da deputada e do deputado asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cree que os tempos asignados pola TVG aos diferentes líderes políticos nos informativos TX-1 e TX-2 do día 10 de abril sobre a comparecencia de Feijoo, foron acordes aos criterios de respecto ao pluralismo e representación parlamentaria?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2013

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2013 11:12:05

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 11/04/2013 11:12:14



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada Yolanda Díaz Pérez e o deputado Antón Sánchez García, membros do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda(EU-ANOVA), ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno, relativa á elaboración do Plan Director das Fragas do Eume.

Lumes e desleixo,pouco máis semella ser quen a Xunta de Galicia de achegar ás fragas do Eume. Declaradas parque natural no ano 1997, restan dende entón sen un plan director de usos, recoñecemento palpable do desinterese co que se conduce o goberno galego en relación con esta paraxe natural.

Como se entende que o goberno galego non provea este instrumento necesario para ordenar usos e xestionar ese ben natural? Todo apunta a que o goberno galego apenas entende o parque como outra cousa que mercadoría turística, descoidando os estándares de protección e quizabes permitindo a violencia dos transxénicos ou das fumigacións.

Aínda neste meses pasados, unha norma estatal tornaba a esquecer as fragas. As indemnizacións polos lumes formuladas polo goberno estatal deixaban de xeito arbitrario fóra do seu rango de axudas a un ben excepcional como é o noso parque natural. Circunstancia da que demandabamos corrección noutra iniciativa parlamentar do noso Grupo.

Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA) reclámalle unha rectificación a Xunta de Galicia, para que esta poña en valor un ben natural e un recurso excepcional para unha cultura e lecer alternativos.

Polo tanto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA) formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- **Cando vai presentar a Xunta de Galicia o urxente e necesario Plan Director de Usos do parque natural das Fragas do Eume?**

Compostela, 11 de abril de 2013.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/04/2013 11:32:54

Antón Sánchez García na data 11/04/2013 11:33:01



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A caprichosa decisión do Goberno do PP que preside Núñez Feijoo de invalidar o concurso eólico aprobado durante o goberno bipartito e impulsar un novo concurso botou ao traste un investimento de 1.400 millóns de euros, máis de 8.000 postos de traballo, e unha participación pública que reportaría 30 millóns de euros ao ano a Galiza. Tratouse dunha decisión arbitraria, tal e como a propia xustiza puxo de manifesto, avalando a legalidade do concurso e ditaminando a ilegalidade do proceder do Goberno de Feijoo para anulalo.

O resultado do novo concurso foi un rotundo fracaso, pois coa chegada do PP ao Goberno do Estado producíronse continuas invasións ás competencias galegas na materia. Na actualidade podemos estar nunha situación na que non se teña producido ningunha autorización do concurso do PP, o que supón unha auténtica paralización do sector.

Ante esta situación, fórmulanse as seguintes preguntas:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantas autorizacións concedeu o goberno galego no marco do último concurso eólico?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 11/04/2013 13:48:06

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 11/04/2013 13:48:16



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A caprichosa decisión do Goberno do PP que preside Núñez Feijoo de invalidar o concurso eólico aprobado durante o goberno bipartito e impulsar un novo concurso botou ao traste un investimento de 1.400 millóns de euros, máis de 8.000 postos de traballo, e unha participación pública que reportaría 30 millóns de euros ao ano a Galiza. Tratouse dunha decisión arbitraria, tal e como a propia xustiza puxo de manifesto, avalando a legalidade do concurso e ditaminando a ilegalidade do proceder do Goberno de Feijoo para anulalo.

O resultado do novo concurso foi un rotundo fracaso, pois coa chegada do PP ao Goberno do Estado producíronse continuas invasións ás competencias galegas na materia. Na actualidade podemos estar nunha situación na que non se teña producido ningunha autorización do concurso do PP, o que supón unha auténtica paralización do sector.

Ante esta situación, fórmulanse as seguintes preguntas:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que pensa facer o goberno galego para que o sector eólico galego non fiqu
completamente paralizado?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 11/04/2013 13:49:47

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 11/04/2013 13:49:55



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez** membro do **Grupo Parlamentar da Alternativa galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ao gasto superfluo de 338.000 euros polo IGE.

Pola Resolución do 18 de marzo de 2013, publicada no DOG de 3 de abril, a Xunta de Galicia ao traveso do Instituto Galego de Estatística (IGE) formaliza o contrato do servizo para a realización dos traballos de recollida de información para a enquisa de poboación activa.

Se formaliza este contrato deixando de lado aos propios traballadores e traballadoras da Xunta de Galicia que xa teñen realizado as enquisas, e que a causa das políticas de recorte e pretendido aforro do PP non se poden contratar máis para realizar a devandita tarefa. A Xunta de Galicia prefire pagar e moi ben a unha empresa privada o que podería realizar con persoal público da Xunta. O goberno do presidente Feijóo vai aboar nada menos que 338.000 euros a unha empresa privada por un traballo que se podería realizar con persoal público.

Non se aforra, se gasta máis privatizando. Se prefire pagar máis a empresas privadas que xerar unha dinámica de emprego estable e con dereitos no ámbito público.

Xa que logo, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que razón e aforros se derivan de contratar por importe de 338.000 euros as tarefas de recollida de datos para a enquisa de poboación activa cando a Xunta xa dispón de persoal competente para realizar tales tarefas?

Compostela, 11 de abril de 2013.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/04/2013 14:05:12

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A urxencia vén motivada pola alarma social creada polo futuro da empresa Pescanova e dos empregos que sustenta.

Ante as alarmantes informacións que están aparecendo nos medios de comunicación sobre o futuro da empresa Pescanova, o concurso de acredores, as dificultades nas contas, e o máis preocupante, o destino da empresa e dos seus traballadores e traballadoras, o grupo Parlamentario dos Socialista considera prioritario que o Goberno galego actúe na dirección da esixencia das responsabilidades a que houbera lugar pola situación da empresa e no mantemento do emprego que esta mantén en Galicia.

Polo exposto, o deputado asinante formula seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que xestións está realizando o Goberno de Galicia, en concreto a Consellería de Traballo e Benestar ante a situación de Pescanova?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 15/04/2013 13:35:32

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A urxencia vén motivada pola alarma social creada polo futuro da empresa Pescanova e dos empregos que sustenta.

Ante as alarmantes informacións que están aparecendo nos medios de comunicación sobre o futuro da empresa Pescanova, o concurso de acredores, as dificultades nas contas, e o máis preocupante, o destino da empresa e dos seus traballadores e traballadoras, o grupo Parlamentario dos Socialista considera prioritario que o Goberno galego actúe na dirección da esixencia das responsabilidades a que houbera lugar pola situación da empresa e no mantemento do emprego que esta mantén en Galicia.

Polo exposto, o deputado asinante formula seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que xestións está realizando o Goberno de Galicia, en concreto a Consellería de Economía e Industria ante a situación de Pescanova?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 15/04/2013 13:32:11

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Ramón Val Alonso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A urxencia vén motivada pola alarma social creada polo futuro da empresa Pescanova e dos empregos que sustenta.

Ante as alarmantes informacións que están aparecendo nos medios de comunicación sobre o futuro da empresa Pescanova, o concurso de acredores, as dificultades nas contas, e o máis preocupante, o destino da empresa e dos seus traballadores e traballadoras, o grupo Parlamentario dos Socialista considera prioritario que o Goberno galego actúe na dirección da esixencia das responsabilidades a que houbera lugar pola situación da empresa e no mantemento do emprego que esta mantén en Galicia.

Polo exposto, o deputado asinante formula seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que xestións está realizando o Goberno de Galicia, en concreto a Consellería do Medio Rural e do Mar ante a situación de Pescanova?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 15/04/2013 13:34:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 155.5 do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo **trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

O 14 de abril de 2013 a sociedade galega rexeitaba claramente o proxecto da mina de ouro a ceo aberto de Corcoesto na rúas de Carballo. Esta manifestación súmase a toda unha serie de accións previas que cuestionan o seguidismo que o Goberno galego fai da multinacional Edgewater.

De feito, a propia DIA realizada pola Xunta é un mero “corta e pega” do estudo de impacto elaborado pola empresa -tal indica a asociación ecoloxista ADEGA- que non cuestiona os argumentos da empresa asumindo as solucións máis baratas e que teñen maior impacto ambiental. Tal é a falta de rigorosidade deste informe que non cuestiona a clasificación como residuos non perigosos, realizada pola empresa, aos residuos que conteñen arsénico nin obriga á elaboración dun plano de emerxencia exterior. Tampouco obriga a empresa a construír unha garantía financeira que asegure a cobertura face eventuais accidentes, non facendo uso da posibilidade aberta no Decreto 455/1996 de finanzas d material ambiental.

Na actualidade a Defensora do Pobo ten aberta unha investigación de oficio e o Valedor do Pobo estuda a súa incidencia logo de recibir varias queixas.

Ante todos estes feitos, e dado que o impacto no emprego da zona será moi escaso e que os beneficios voarán cara Canada, e que a contaminación permanecerá durante séculos na comarca de Bergantiños, este grupo parlamentar considera que o Goberno galego debe paralizar a explotación da mira de ouro a ceo aberto en Corcoesto por parte



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a empresa Edgewater.

Por todo isto formúlase a seguinte cuestión:

A vista do rexeitamento social e científico da mina a ceo aberto de Corcoesto, pensa o Goberno galego retirar o apoio a este proxecto?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada e portavoz S. do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 15/04/2013 17:58:03

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/04/2013 17:58:10

A MESA DO PARLAMENTO

Xosé Manuel Beiras Torrado, Yolanda Díaz Pérez e Juan Manuel Fajardo Recouso, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente**, relativa aos últimos feitos acaecidos na conserveira Cuca.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Nun contexto económico caracterizado pola depresión e a constante erosión da actividade produtiva real, coas dramáticas consecuencias en materia de paro, pobreza e exclusión social que elo conleva para a clase traballadora do noso país, o goberno da Xunta fai de man-porreiro dunha empresa que baleira as instalacións industriais e lanza á nada o cento de traballadoras da conserveira Cuca en Vilaxoán.

O acontecido a pasada semana ás portas da conserveira Cuca en Vilaxoán, son feitos propios de gobernos pre-democráticos que utilizan as forzas do orde público, para vulnerar os dereitos fundamentais da cidadanía co único obxectivo de favorecer os intereses privados dunha empresa, dende a retención ilegal de traballadoras e veciños que querían acudir a empresa a evitar o espolio, ata o illamento total dunha parte de Vilaxoán polas forzas do orden público, culminando coa utilización de inhibidores de frecuencia, converteron Vilaxoán nunha perfecta estampa dos anos 40 do pasado século en Galicia, onde sen motivo máis que o exercicio da violencia do estado contra os intereses lexítimos do pobo, se ten furtado aos veciños e traballadoras de Vilaxoán, do exercicio da liberdade democrática, chegando incluso a policía a denegar aos veciños saír das súas propias casas.

Estes feitos aleivosos, realizados con nocturnidade, demostran o retroceso democrático do país e a complicidade dos nosos poderes públicos co espolio dos poderes produtivos e a deslocalización industrial do país.

En atención a estas razóns os deputados e deputadas que subscriben,

formulan a seguinte pregunta de carácter urxente, para a súa resposta oral no Pleno:

Considera o goberno galego digno auxiliar con maneiras antidemocráticas, e provocando un auténtico estado de excepción, a quen pretende acabar (Garabilla) con máis dun cento de empregos en Vilaxoán, mediante mecanismos de extorsión empresarial?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado
Yolanda Díaz Pérez
Juan Manuel Fajardo Recouso
Deputados e deputada do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/04/2013 18:02:29

Yolanda Díaz Pérez na data 15/04/2013 18:02:41

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 15/04/2013 18:02:55

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Manuel Vázquez Fernández, presidente do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e normas complementarias do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Cales son as razóns polas que vostede é amedrentado en relación coas súas fotos en compañía co narcotraficante Marcial Dorado?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 15/04/2013 12:57:01



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 29 de Xaneiro do 2002, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

“Segue pensando que un alto cargo que se relacionou cun capo da mafia non debe dimitir?”.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2013

Asdo.: Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2013 16:30
Nº Rexistro: 6686
Data envío: 15/04/2013 14:07:27.381



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/04/2013 14:06:26

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Vicevoceira **do Grupo Parlamentar de Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, Voceira aos efectos da formulación da pregunta ao Presidente, e ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias de 29 de xaneiro de 2002, presenta a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao Presidente da Xunta de Galicia, para a súa resposta oral no Pleno.

- Cal é a relación pormenorizada dos diferentes contratos asinados pola Xunta de Galicia coas empresas de Marcial Dorado dende que o señor Feijóo é un alto cargo público da Xunta de Galicia?

Compostela, 15 de abril de 2013.

Asdo: Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 15/04/2013 15:02:22

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Luis Méndez Romeu, José Ramón Val Alonso, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión polo trámite da urxencia**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola alarma creada entre os traballadores e traballadoras pola actuación policial para dismantelar a industria.

Exposición de motivos

Galicia é a primeira Comunidade Autónoma en produción de conservas de pescado e mariscos. O volume de emprego é de 12.000 persoas cunha forte incidencia de emprego feminino e cun importante continxente de temporalidade.

A empresa de conservas, CUCA era unha das 67 conserveiras de Galicia, con máis de 75 anos de existencia, unha facturación anual de 40 millóns de euros e con marcas recoñecidas no mercado, baseadas sobre todo na elaboración artesanal. Contaba con fábricas en Boiro e Vilaxoán (Vilagarcía), nesta última cun cadro de persoal fixa de 88 traballadores máis arredor de 150 eventuais.

Foi adquirida no ano 2011 polo grupo conserveiro vasco GARAVILLA, que xa tiña plantas de produción no Grove. A nova propiedade comunicara a súa decisión de pechar a planta de Vilaxoán e trasladar a actividade ao Grove.

O día 8 de febreiro do presente ano, a Comisión 6ª do Parlamento de Galicia aprobaba, por unanimidade, o texto seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver cantas xestións sexan necesarias preto da propiedade, para garantir todos os postos de traballo da factoría conservas CUCA.
2. Garantir a continuidade da imaxe e da calidade da marca CUCA.
3. De ter recibido a empresa axudas por parte da Xunta de Galicia, dalgunha

Grupo Parlamentario

consellería ou organismo, que vinculen á empresa a permanecer na presente radicación se faga valer esta circunstancia para imposibilitar o traslado da factoría de Vilaxoán ao Grove, sempre que esta petición estea amparada polas normas que regulan a concesión das axudas.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non obstante, hai escasos días, a prensa facíase eco da noticia de que, á unha da madrugada, a Policía Nacional se trasladaba ata a fábrica de CUCA en Vilaxoán, con cinco furgóns que cortaron os accesos da entrada da fábrica e obstaculizaron a saída da caseta na que as traballadores facían garda para evitar o desmantelamento da maquinaria; había uns 30 axentes por cada traballadora.

Os teléfonos móbiles tampouco funcionaban. A policía empregou inhibidores de frecuencia que impedían o seu uso e, por tanto, as traballadoras non puideron alertar aos veciños de Vilaxoán nin facer que soasen as campás da igrexa. Desta forma, os camións que se encontraban dentro do recinto da fábrica dende o venres pasado trasladaron gran parte da maquinaria cara á fábrica de O Grove.

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que xestións ten feito a Xunta de Galicia, dende o día do acordo unánime do Parlamento de Galicia, para garantir a continuidade da factoría e a conservación do emprego na factoría de Cuca en Vilaxoán?
2. Quen deu a orde para a intervención da Policía Nacional?
3. Considera o Goberno galego que a actuación da Policía Nacional foi desproporcionada, tendo en conta que se trataba do desaloxo de mulleres, na súa maioría de idade, e de madrugada?
4. Que gasto supuxo tal intervención?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2013

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

José Luis Méndez Romeu

José Ramón Val Alonso

Raúl Fernández Fernández

José Antonio Sánchez Bugallo

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/04/2013 18:06:16

José Luís Méndez Romeu na data 15/04/2013 18:06:38

José Ramón Val Alonso na data 15/04/2013 18:06:50

Raúl Fernández Fernández na data 15/04/2013 18:06:54

José Antonio Sánchez Bugallo na data 15/04/2013 18:07:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No pasado mes de marzo do presente ano, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, acompañado pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Encarnación Rivas, transmitíronlle ao alcalde da Estrada, José Carlos López Campos, que a Consellería xa ten a súa disposición na súa integridade a documentación necesaria para a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada.

Cómpre recordar que o Goberno galego comunicou no mes de febreiro ao concello estradense, respecto da documentación enviada á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a necesidade de dilixenciar 1.800 páxinas na totalidade do PXOM e de presentar unha ficha de elementos arqueolóxicos a conservar, entre outras cuestións de carácter menor.

Hernández aclarou que o concello resolveu axeitadamente os requerimentos da Xunta, polo que acádase a integridade documental do expediente administrativo do Plan Xeral.

Co cal o plan xeral da Estrada, aprobado provisionalmente o pasado 18 de decembro de 2012, porá fin ás Normas Subsidiarias de Planeamento vixentes dende 1978, hai 35 anos.

A Xunta de Galicia destaca o apoio técnico a este proxecto de urbanismo, posto que se celebraron 8 reunións técnicas, e económico, xa que a Consellería de Medio Ambiente concedeu axudas por importe de 520.000 euros.

Motivo polo cal o deputado asinante, presenta as seguintes preguntas en Comisión.

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia aprobar definitivamente o PXOU da Estrada?
2. Que beneficios traerá a aprobación deste plan para os veciños da Estrada?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:07:19

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso e Marta Rodríguez Arias, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

A directora da Axencia Galega de Infraestruturas, Ethel Vázquez, dou a coñecer á alcaldesa de Sanxenxo, Catalina González, e a representantes da plataforma de afectados pola PO-308, que a Xunta vén de mellorar o proxecto de seguridade viaria do tramo Soutollo- A Lanzada, na PO-308, con máis prazas de aparcamento, un novo cambio de sentido e unha glorieta á altura da praia de Portomouro.

Ethel Vázquez engadiu que estas melloras foron demandas por empresarios, comerciantes, hostaleiros, e cidadáns, e foron atendidas co fin de garantir a funcionalidade do proxecto aumentar de seguridade viaria na estrada PO-308, entre Portonovo e A Lanzada.

Asemade, a execución da obras en tres fases distintas, e non de xeito simultáneo nos case 9 quilómetros, permite reducir as molestias aos tráfico e aos distintos negocios e usuarios, que se verán afectados por unhas obras cunha menor duración temporal.

A Xunta anunciou que priorizará a execución do tramo entre Soutullo e a glorieta da Lanzada por ser o treito cunha maior intensidade de tráfico peonil e o que é máis preciso reordenar.

Destacou a dotación dun maior número de prazas de aparcamento na praia da Lanzada, en forma de batería fronte ao areal, un paseo peonil e a transformación dunha vía de servizo para o acceso aos hoteis en beirarrúa con aparcamento en batería. Entre os trámites pendentes está a autorización por parte de Costas, así como a plena disposición dos terreos.

Outra das melloras é a inclusión dun novo punto para o cambio de sentido ao final da praia da Lanzada en sentido Portonovo; e execución de glorieta no PK 25+260 (no acceso á praia de Portomouro) no lugar do cambio de sentido previsto anteriormente.

Motivo polo cal os deputados asinantes, presentan as seguintes preguntas en Comisión.

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia iniciar as obras de mellora de seguridade viaria da PO-308?
2. Cal é o cronograma previsto de execución das obras?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:08:06

Marta Rodríguez Arias na data 04/04/2013 18:08:11

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso, Moisés Blanco Paradelo e Miguel A. Santalices Vieira, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A autovía Ourense-Ponferrada A-76 é unha actuación de gran transcendencia para a vertebración da Galicia interior, constituíndo un terceiro acceso de gran capacidade desde Galicia cara Castela-León (ademais da A-6 e da A-52) e que a N-120 (Logroño-Vigo) está superada, especialmente en determinados tramos.

As organizacións empresariais e os concellos afectados que reclaman esta autovía, recoñecen e valoran o compromiso da ministra de Fomento, Ana Pastor, coa A-76, como o acredita o feito de que esta autovía teña sido incluída no Plan de Infraestruturas, Transporte e Vivenda.

Dadas as actuais dificultades económicas, que conlevan fortes reducións orzamentarias e obrigan a reprogramar actuacións en materia de infraestruturas, os representantes políticos e institucionais acordaron solicitar que a redacción dos proxectos dos tramos que se realicen –unha vez acadada a declaración de impacto ambiental- se faga tendo en conta a eficiencia necesaria da infraestrutura e os antecedentes e incidencias na explotación da actual vía de comunicación entre O Bierzo, Valdeorras-Terras de lemos e Ourense, que é a N-120.

Asemade, recoñecen o esforzo e a celeridade cos que o Ministerio de Fomento resolveu os problemas plantexados na N-120 no túnel da Barosa, que permaneceu pechado para realizar unhas obras de emerxencia; e que se constata a incapacidade da N-536 como vía alternativa ante o peche da N-120.

Finalmente demandan a Fomento a rápida continuación dos traballos de rehabilitación estrutural e de reparación do firme na N-120 e na N-536, cuxo proxecto figura en poder da Demarcación de Estradas do Estado en Ourense.

A lonxitude da autovía A-76 -en torno a 125 quilómetros- e o volume de investimentos que se estima nesta vía -que superan os 1.100 millóns de euros- dan unha idea da importancia que esta infraestrutura de comunicación ten para Galicia.

Motivo polo cal os deputados asinantes da iniciativa presentan a seguinte pregunta en Comisión.

Que xestións ten levado a cabo a Xunta de Galicia para a construción da Autovía A-76?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:11:34

Moisés Blanco Paradelo na data 04/04/2013 18:11:42

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 04/04/2013 18:11:55

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso, Berta Pérez Hernández e Javier Guerra Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Na pasada lexislatura dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas licitouse o contrato de concesión de execución do desdobramento do Corredor do Morrazo, que por mor, fundamentalmente da crise económica quedou deserta, xa que tan so se presentou unha oferta e que ademais implicaba unha modificación substancial do proxecto licitado. Motivo polo cal a Consellería elaborou un plan viario das comunicacións por estrada da comarca do Morrazo.

E así a principios do presente anos 2013, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, anunciou que a Axencia Galega de Infraestruturas estaba a traballar no novo proxecto de trazado do desdobramento do Corredor do Morrazo, no que estíbese a traballar na redacción do informe de contestación das alegacións recibidas, que podería estar rematado no prazo dun mes.

Ademais o responsable de Infraestruturas da Xunta sinalou que, despois da aprobación do proxecto de trazado, a Consellería de Medio Ambiente poderá licitar a redacción dos proxectos construtivos do corredor.

A primeira fase do desdobramento concentrarase no tramo enlace de Rande- Enlace de Cangas, cunha lonxitude de 11,4 quilómetros e un orzamento de máis de 40 millóns de euros, xa que é a que maior Intensidade Media Diaria (IMD).

Esta solución desdobra o corredor desde Rande ata a primeira saída de Cangas pola marxe esquerda, ao contrario que o proxecto aprobado anteriormente e licitado en 2011.

A nova planificación da Xunta de Galicia permitirá facer viable a construción da autovía e tamén facilitará a súa construción ao evitar os desmontes e supoñer un menor impacto paisaxístico.

Esta actuación está incluída no Plan Viario do Morrazo, que propón actuar nun total de 60,7 quilómetros de estradas e conta cun orzamento de 159 millóns de euros.

Motivo polo cal os deputados asinantes da iniciativa, fan a seguinte pregunta en Comisión.

Cal é o resultado do Plan Viario da Comarca do Morrazo?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:20:23

Berta Pérez Hernández na data 04/04/2013 18:20:33

Javier Jorge Guerra Fernández na data 04/04/2013 18:20:42

Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso e Javier Guerra Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

A principios do presente ano 2013, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, anunciou que a Axencia Galega de Infraestruturas estaba a traballar no novo proxecto de trazado do desdoblamento do Corredor do Morrazo, no que estíbese a traballar na redacción do informe de contestación das alegacións recibidas, que podería estar rematado no prazo dun mes.

Ademais o responsable de Infraestruturas da Xunta sinalou que, despois da aprobación do proxecto de trazado, a Consellería de Medio Ambiente poderá licitar a redacción dos proxectos construtivos do corredor.

A primeira fase do desdoblamento concentrarase no tramo enlace de Rande- Enlace de Cangas, cunha lonxitude de 11,4 quilómetros e un orzamento de máis de 40 millóns de euros, xa que é a que maior Intensidade Media Diaria (IMD).

Esta solución desdobra o corredor desde Rande ata a primeira saída de Cangas pola marxe esquerda, ao contrario que o proxecto aprobado anteriormente e licitado en 2011.

A nova planificación da Xunta de Galicia permitirá facer viable a construción da autovía e tamén facilitará a súa construción ao evitar os desmontes e supoñer un menor impacto paisaxístico.

Esta actuación está incluída no Plan Viario do Morrazo, que propón actuar nun total de 60,7 quilómetros de estradas e conta cun orzamento de 159 millóns de euros.

Motivo polo cal os deputados asinantes da iniciativa, fan a seguinte pregunta en Comisión.

En que situación se atopa a redacción dos novos proxectos construtivos de desdobramento do Corredor do Morrazo?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Alejandro Gómez Alonso na data 04/04/2013 18:21:57

Javier Jorge Guerra Fernández na data 04/04/2013 18:22:07



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións do Goberno galego en relación coa apertura da Residencia da Terceira Idade do Carballiño

No ano 2008 produciuse a licitación das obras para acometer melloras de adecuación no edificio que alberga a Residencia da Terceira Idade do Carballiño e e a construción dun novo para ampliar a capacidade e número de prazas de dita residencia.

A finalidade de ditas actuacións era a de crear 59 novas habitacións, das cales 24 para persoas asistidas, 20 para psioxeriatría, 11 para enfermos crónicos, e catro de enfermaría. Con estas actuacións producíase un aumento significativo do número de prazas que se ofertaban e comportaría a xeración de arredor de 80 novos postos de traballo para a atención ás novas necesidade do centro.

Estas obras están rematadas desde o ano 2010, logo dun investimento por parte da Administración galega de 6,5 millóns de euros na súa execución, a pesar do cal por parte da Xunta de Galiza non se ten realizado a súa apertura. Aínda que en varias ocasións se atribuíron amortizacións de postos de traballo noutros servizos dependentes da Consellaría de Traballo e Benestar a que isto obedecía á necesidade de dotar os novos postos que se xeraban neste centro, a día de hoxe nada se sabe aínda acerca da dotación de persoal para este centro.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Hai que por de manifesto que nalgunha ocasión, cando por parte do Goberno galego se adoptou a decisión de privatizar outros centros de atención a persoas maiores, se publicou que podería existir a intención de privatizar tamén a xestión deste novo centro. Esta opción considerámola desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego totalmente inaceptábel.

Para alén disto, tanto o custo da obra, un investimento a día de hoxe absolutamente desaproveitado, mais tamén polo significado de servizo público destas características, nunha comarca como a do Carballiño tan necesitada de prazas para persoas maiores e sobre todo dependentes, da gran demanda existente que en moitos caso se están desviando a outros centros privados con prazas concertadas, para o Bloque Nacionalista Galego resulta unha irresponsabilidade e un dispendio seguir un día máis con este centro pechado.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante a Comisión:

- 1.-Considera vostede que existe algunha razón que xustifique que máis de dous anos desde a finalización das obras continúe pechada a Residencia da Terceira Idade do Carballiño?
- 2.- Non cre que é unha situación pintoresca tendo en conta a gran necesidade e demanda de prazas que existe nesta comarca e no seu entorno?
- 3.- Non lle parece que é un dispendio manter pechadas unhas instalacións que lle custaron ao erario público máis de seis millóns de euros?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 4.- Existe algunha previsión en relación coa apertura e posta en funcionamento deste centro?
- 5.- De ser así, que prazos se baralla para que isto se verifica?
- 6.- Ten realizado algunha actuación para dotar do persoal necesario este centro?
- 7.- Valorouse por parte do Goberno galego nalgún momento a posibilidade da privatización deste centro?
- 8.- De ser así, en base a que criterios?
- 9.- Como cre que afecta esta situación á súa política de atención ás persoas maiores?

Santiago de Compostela, 4 de abril 2013

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**
María do Carme Adán Villamarín
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 04/04/2013 19:10:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2013 09:30
Nº Rexistro: 6063
Data envío: 04/04/2013 19:13:26.302



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 04/04/2013 19:10:37



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á resolución do Programa para a promoción de emprego autónomo convocado mediante a orde do 30 de Decembro de 2011.

No ano 2012, a Consellería de Traballo e Benestar, convocou o Programa para a promoción do emprego autónomo mediante a orde do 30 de Decembro de 2011 (DOG nº 14 de 20 de Xaneiro de 2012).

O obxectivo da convocatoria era o de que Galiza acadara uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade de emprego, de benestar social e de cohesión territorial; para isto era preciso o promover políticas de desenvolvemento económico de cara a favorecer a capacidade colectiva e emprendedora da sociedade Galega, en especial aos mozos e mozas, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

As Bases do programa establecían que o procedemento de concesión das axudas “realizarase pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario, conforme ao previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

O programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nun porcentaxe do 80%.

Os tipos de axuda que se concedían eran:

- 1.- Para o establecemento como traballador/a autónomo/a
- 2.- Subvención ao financiamento
- 3.- Para asistencia técnica
- 4.- Para axuda excepcional
- 5.- Para a 1ª contratación indefinida

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado e da deputada asinantes, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1ª.- Cantas axudas ou subvencións, foron concedidas por cada tipo de axuda en cada provincia?
- 2ª.- Cal foi a cantidade (expresada en euros) das axudas concedidas, por cada tipo e en cada provincia?
- 3ª.- Cantas axudas foron denegadas, por cada tipo de axuda e en cada unha das provincias? Canto era o importe?
- 4ª.- Cales foron as razóns que levaron a denegar as axudas denegadas?
- 5ª.- Cantas axudas foron pagadas, por cada tipo e en cada provincia?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6ª.- Cantas axudas foron obxecto de expediente de reintegro das subvencións por cada provincia e por qué razón?

7ª.- Cantas axudas están pendentes de cobro, por cada provincia.?

8ª.- Cal era a cantidade inicial global definitiva do orzamento para o programa a que nos estamos a referir?

9ª.- Caso de haber modificación da cantidade no orzamento para as axudas e subvencións, cal foi a razón; e cal foi a cantidade modificada.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 04/04/2013 19:32:38

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2013 19:32:46



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión** de control da CRTVG, en relación ao comunicado do Comité de Empresa da TVG sobre manipulación informativa.

Na actualidade os medios de comunicación son a principal fonte de información e conformación de opinión da sociedade. É a través destes que moit@s cidad@ns conforman opinión sobre os temas de actualidade, en certo sentido operan de mediadores entre o que acontece e a sociedade.

Na conformación desa opinión os programas de opinión, os faladoiros, os debates,..., xogan un papel de grande importancia, sobre todo si as persoas que interveñen nos mesmos o fan en condición de “cidadáns” que expresan libremente as súas opinións. O nivel socio-cultural, o xénero, o idioma as posicións ideolóxicas,..., das persoas que participan teñen grande relevancia na medida que deben reflectir a pluralidade social na que a cidadanía se ve reflectida.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do BNG formula as seguintes preguntas para a súa contestación oral na Comisión de Control da CRTVG:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cales son os criterios da Radio Galega para decidir as persoas que participan nos seus programas de opinión?
2. Cal é a proporción de xénero n@s colaborador@s habituais nos programas da Radio Galega “O Faladoiro” e “A Crónica” ?
3. É un criterio prioritario o uso da lingua galega por parte d@s colaborador@s?
4. Como se establece a proporción de pluralidade política e social d@s colaborador@s?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2013

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2013 10:51:45



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión** de control da CRTVG, sobre o comunicado do Comité de Empresa da TVG sobre manipulación informativa.

Nos datos de audiencias do mes de marzo, a TVG obtivo unha cota de pantalla de 9.8 puntos no total día. É este un dato alarmante ao baixar os datos de audiencia por debaixo dos 10 puntos, tanto polo que significa en si mesmo, como polo simbolismo dunha caída por debaixo dos dous díxitos.

Alarmantes os datos do mes de marzo, e máis aínda porque eses datos só confirman a tendencia que se ven experimentando de baixada progresiva, nos últimos anos perdeuse máis dun tercio da audiencia coa que contaba a TVG.

O Grupo Parlamentar do BNG formula as seguintes preguntas para a súa contestación oral na Comisión de Control da CRTVG:

1. Que valoración fai a dirección da TVG desta caída de audiencia?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ten avaliado a dirección da TVG a relación entre a política informativa, totalmente pro-gubernamental, de censura da oposición, de ocultación dos graves problemas que ten a sociedade galega, e a progresiva caída das audiencias?
3. Que actuacións vai realizar a dirección da TVG para parar esta baixada de audiencia?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2013

Asdo.: Montserrat Prado Cores
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2013 10:52:09



Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

Os datos ao respecto da carga de traballo e a capacidade adquisitiva das mariscadoras e mariscadores galegos son dramáticos, xa que a perda de poder adquisitivo que chega a picos de menos 3/4 de ingresos con respecto ao ano anterior, fan necesario a intervención decidida da administración na defensa dos produtores e do seu medio de vida.

Como coñece a administración, un dos problemas que provocan, dende logo non o único, esta perda de poder adquisitivo, é a invasión de produto foráneo no mercado Galego, que é vendido a prezos moi inferiores o produto nacional, e polo tanto provoca por unha banda a merma de vendas, e por outra a redución do prezo dos produtos galegos para poder competir.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión**:

Que medidas ten pensado afrontar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o poder adquisitivo do sector do marisqueo do país?

Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia para controlar a invasión de marisco forneo no mercado galego?

Ten realizado a Consellería algún estudo do impacto económico que está a supoñer esta introdución de produtos esóxenos no país?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2013.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 05/04/2013 12:41:18



Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

No mes de marzo, tense tratado na Comisión de Pesca do Parlamento Galego, a necesidade de acometer no menor tempo posible, a convocatoria de eleccións nas cofrarías galegas, xa que moitas delas teñen esgotado o seu mandato de catro anos, en moitos casos chegando incluso a duplicar este períodos.

Pero nos últimos días teñense producidos novas ao respecto que debemos considerar importantes á hora de valorar a actitude da Consellería que, como vostedes saben, acaba de recibir unha reprimenda da Fiscalía no sentido de admitir a trámite unha solicitude xudicial que pide esta convocatoria, na que expresamente se determina que a inacción da Consellería pode supoñer a vulneración dun dereito fundamental, afirmación que para o noso Grupo é extremadamente grave, xa que o Goberno é responsable de vulnerar os dereitos que dí defender.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión**:

En que data ten pensado a Consellería convocar as eleccións nas cofrarías galegas ?

En que situación se atopa o texto legal, no que se escuda a Xunta para non convocar estas eleccións?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2013.

Asdo.: Juan Manuel Fajardo Recouso
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 05/04/2013 12:41:56



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión**, sobre a campaña da xarda.

A campaña da xarda deste ano foi recibida con grandes expectativas, dado os altos prezos que alcanzou o ano anterior. Por este motivo unha parte importante da nosa flota artesanal desprazouse até augas asturianas e cántabras para participar en dita pesquería.

A campaña tivo unha duración de 10 días, e os prezos foron máis baixos que os do ano anterior. Neste ano 2013, a UE concedeu un total de 25.000 toneladas para o Estado español, ao cal hai que descontarlle a sanción por sobrepesca imposta polo organismo comunitario de 9.000 toneladas.

Os topes establecidos para esta campaña foron: cerco, 6.000 kilogramos/día. Arrastre: 7.500 kilogramos/día, e para artes menores 400 kilos por tripulante/día. Isto supuso que ao arrastre correspondeulle 4.600 toneladas, ao cerco 5.400 toneladas e unhas 7.000 toneladas para artes menores.

No establecemento das datas de apertura e peche, houbo moitas improvisacións chegando ao punto de dar por finalizada a campaña e, unha vez que a flota galega iniciou o regreso, acordouse ampliar a campaña por un día máis.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

- 1.- Que valoración realiza o Goberno galego da cuota asignada ao Estado español por parte da UE para o ano 2013.?
- 2.-Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para protexer o desprazamento das embarcacións galegas até augas cántabras, e si tivo algunha iniciativa para que as tripulacións galegas puideran ser acollidas en condicións nos portos doutras comunidades?
- 3.-Ten constatado a Consellería de Medio Rural e do Mar do aumento do banco de xarda, a súa incidencia noutras pesquerías.? E consciente a propia administración que está a levantarlle actas de infracción a propia flota galega por capturas accidentáis de xarda?.
- 4.-Trasladoulle a Xunta de Galiza algunha queixa ao Goberno español pola falta de concreción nas datas de apertura e peche, e sufrir os pescadores galegos dita improvisación?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2013

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2013 13:18
Nº Rexistro: 6102
Data envío: 05/04/2013 13:18:39.848



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Rodas Chapela na data 05/04/2013 12:23:25



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral ante a Comisión**, relativa ao plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia.

Nas últimas semanas someteuse a información pública a declaración de impacto ambiental do plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa area de influencia.

Trátase dunha proposta que ten motivado unha importante contestación social en relación con algunha das vías que se deseñan e non dan solución ás eivas existentes no seu ámbito territorial.

A xuízo do grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego trátase dun plan irreal cuxa execución se prevé cun investimento de 160 millóns de euros no horizonte do ano 2020. Propón actuacións a iniciar este mesmo ano por conta da Xunta de Galiza para as que non se comprometen as necesarias consignacións orzamentarias. Por outro lado prevé actuacións no ámbito de competencias doutras administracións, do Estado e Deputación, sen que se estableza ningún acordo previo con estas que puidesen garantir a súa execución. Parece pois, que estamos cara unha nova fuxida cara adiante que non deixa de ser un novo anuncio propagandístico sen ningún sustento orzamentario.

Isto constátase xa nas primeiras páxinas de memoria do plan onde entre outros obxectivos establécese que este plan se diseña para dar resposta á necesidade de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación viaria do parque empresarial do Val da Rabeda. Parece esquecer o Goberno galego, autor deste plan, que este parque non existe nin vai existir pola decisión do propio goberno de anular todas as actuacións previstas para a súa execución.

Non é menos pintoresco o obxectivo de enlazar os parques empresariais coa autovía A-76 que nin existe nin se lle espera.

Son só dous exemplos que ilustran claramente a falla de rigor e a irrealidade coa que foi elaborado e trasladado á cidadanía e aos axentes sociais. O que representa este plan é o único que parece facer ben este goberno: a propaganda.

Estas xa serían razóns dabondo para a retirada fulminante deste plan o cal non é óbice para que existan moitas outras.

Analizando as solucións e trazados concretos que propón para algúns dos problemas de seguridade viaria e mobilidade existentes, que por certo non figuran na documentación publicada pola Consellaría para que a cidadanía poida exercer acaidamente o dereito de información pública, obsérvanse outras graves deficiencias.

Analicemos para comezar a proposta de enlace do polígono industrial de San Cibrao das Viñas coa A-52 por ser unha das actuacións que demandada desde hai moitos anos e que si obedece a unha necesidade obxectiva. Non cumpre co seu cometido de acurtar as distancias nin os tempos actuais. Faise a través dunha vía con grandes pendentes, superiores ao 7%, e con innumerábeis curvas, a pesar de estar orientada a soportar gran tránsito de vehículos pesados. O seu trazado ten un gran impacto sobre a poboación: rompe aldeas, afecta a numerosas vivendas,



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

crea novos puntos negros no enlace coa N-525. Un despropósito.

Tampouco parece ter ningún sentido a vía para comunicar o parque empresarial do Pereiro de Aguiar co estrada de Trives, 536, que non ten ningunha xustificación no tránsito que soporta o trazado actual.

Crease nesta zona un gran cúmulo de vías de alta capacidade, que ademais de supor un elevado custe económico, non cumprir ningunha funcionalidade na mellora da mobilidade nin da seguridade viaria. Pola contra empeoran substancialmente a calidade de vida das veciñas e veciños da zona e provocan un enorme impacto territorial.

Estas son as razóns polas que o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante a Comisión:

- 1.- Considera vostede que o plan sectorial de rede viaria de Ourense e a súa área de influencia responde ás necesidades reais de comunicación da comarca?
- 2.- Cre que as solucións adoptadas son as máis apropiadas para dar resposta á realidade existente?
- 3.- Existe algunha previsión a medio prazo de facer realidade o plan sectorial do Val da Rabeda ou a A-76 que xustifiquen a realización de investimentos para a súa conexión?
- 4.- Parécelle que o investimento previsto é necesario e coherente coa



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcionalidade social das solucións propostas? Parécenlle compatíbeis cos recortes que desmantelan dereitos e benestar?

5.- Valoráronse solucións máis acordes á situación financeira da Xunta e que aporten solucións máis racionais desde o punto de vista do seu impacto territorial e social?

6.- Á vista desta consideracións e da contestación social ten previsto continuar coa tramitación deste plan?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Asdo.:Tereixa Paz Franco

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 08/04/2013 09:59:45

Ana Belén Pontón Mondelo na data 08/04/2013 09:59:54



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado e portavoz **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión** relativa á situación dos aforradores estafados a través de participacións preferentes e subordinadas, despois da aprobación do plano de reestruturación de Novagalicia Banco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Rectora do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aprobou a imposición dunha quita media do 43% aos titulares de participacións preferentes de NCG Banco, mentres os donos de obrigacións subordinadas perpetuas perderán un 41% e os de subordinadas con vencemento un 22%. Alén disto, a porcentaxe que non lles é confiscada non lles será reintegrada directamente: seralles trocada por accións ou bonos da entidade, de modo que os estafados seguirán contribuindo, á forza, a recapitalizar a entidade que os estafou, e ademais no proceso de recompra destas accións ou bonos sufrirán unha nova quita.

Confírmanse así os peores prognósticos do Memorandum asinado polo goberno español coa troika o pasado mes de xullo e da Lei de reestruturación e saneamento de entidades financeiras (procedente do RD-Lei 24/2012). E semella confirmarse tamén que o goberno galego - que non impugnou ante o TC unha lei que invade competencias autonómica e tenta dar cobertura xurídica ao saqueo aos miles de aforradores estafados por bancos e caixas através de preferentes e subordinadas – desiste de aplicar as súas competencias para resolver o problema do único xeito que a xustiza reclama: a devolución aos aforradores da totalidade dos cartos que lle foron estafados.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Así as cousas, formúlanse as seguintes **PREGUNTAS**.

- 1.- Vai o Goberno galego a impugnar politicamente a Lei 9/2012, de reestruturación e resolución de entidades de crédito e os planes de reestruturación aprobados pola Banco de España e a Comisión Europea, en defensa das competencias e dos intereses dos aforradores estafados a través de preferentes, subordinadas e outros híbridos financeiros?
- 2.- Vai instar ao Goberno do Estado a modificar a Lei 9/2012 e a articular unha solución que garanta o reintegro do 100% do diñeiro aos pequenos aforradores?
- 3.- Vai a poñerse e a disposición dos afectados para prestarlle toda a cobertura política e xurídica necesaria para que presenten recurso contra o acordo do FROB?
- 4.- Vai manter a vía da arbitrase para todos os afectados que o solicitaren, asegurando a rápida resolución de todos os casos?
- 5.- Vai personarse no proceso aberto a través da demanda presentada pola Fiscalía?
- 6.- Vai perseguir penalmente aos responsábeis da estafa?

Santiago de Compostela, a 8 de abril de 2013

Asdo.: Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 08/04/2013 11:33:44

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓN DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓN OU PROPOSTAS DE COMISIÓN ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓN
- 1.3.6. PROPOSICIÓN NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓN REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓN
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPUESTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓN
- 1.4.7. RECONVERSIÓN POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓN

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓN E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓN
 - 4.2. CORRECCIÓN DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727